

cultura

O San Froilán 2024 xa ten cartel anunciador, obra de Isidro Gil Morales. **Páx. 2**

sociedade

O histórico concelleiro popular Quique Rozas deixa a Corporación por motivos persoais. **Páx 9**

medio rural

Continúa a investigación sobre o xacemento de Corro dos Mouros. **Páx. 11**

infraestruturas

Activan o proceso para rematar a peonalización de Recatelo. **Páx. 14**

economía

Máis de 50 puntos da cidade terán alumeado no San Froilán. **Páx. 18**

A veciñanza sae á rúa contra o biometano



Proxectan un aparcadoiro en Fontiñas

O Concello solicita á Xunta unha axuda económica para levar adiante esta obra. **Páx. 17**

Análise da reunión entre Rueda e Tomé

Achegaron posturas sobre infraestruturas, servizos sociais, emerxencias e turismo. **Páx. 19**

As comisións de festas, de moda no verán

Entrevistamos a catro grupos organizadores das patronais, que nos explican o seu traballo. **Páx. 20-21**

Os Xílgaros



Entrevista a Óscar Pérez, fundador do grupo de música lugués. **Páx. 5**

Lugo-Os Ancares en bici



Jacobo Goás impulsou a iniciativa para visibilizar enfermidades priónicas. **Páx. 29**

CD Lugo



David Páez, novo director da canteira do club para a tempada 2024-2025. **Páx.30**

SERVICIOS FISCALES - SERVICIOS JURÍDICOS
CONTABILIDAD - LABORAL



FISCAL - LABORAL - CONTABLE
MATEO y SANCHEZ
asesores

¿PAGAS MUCHOS IMPUESTOS? CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO

Si crees que estás pagando demasiado, estudiaremos de forma personalizada tu caso y te sorprenderá lo que se puede llegar a optimizar tu factura fiscal para que así puedas centrarte en lo importante TU NEGOCIO.

Ronda da Muralla 9-10 1º B Edificio Lamas 27001 Lugo

Tel - 982 253 890

659 881 585

mail - administracion@mateoysanchez.es



Carlos Montero Gil faise co Certame de Pintura ao Aire Libre de Lugo

As rúas de Lugo convertéronse na inspiración dos 40 artistas que participaron na XXIV edición do Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre Cidade de Lugo. A riqueza patrimonial sumou un ano máis atractivos con artistas procedentes de distintas zonas de Galiza e do resto do Estado, que inmortalizaron distintos lugares da cidade en cadros con variados estilos e técnicas pictóricas.

O xurado, composto por Emilia Rodríguez de las Heras, profesora, en representación da Escola de Arte Superior e Deseño Ramón Falcón, Christian Villamide, artista multidisciplinar e Bruno López Rodríguez Elerre, deseñador gráfico e membro da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración escolleu como gañadores dos tres premios principais a Carlos Montero Gil, co 1º premio (1.600 euros e diploma), Isabel Seidel, co 2º premio (1.100 euros e diploma) e Raúl Sánchez

Muñoz co 3º (900 euros e diploma). Os 5 accésit, que contaron cun premio en metálico de 300 euros e un diploma, foron para as seguintes participantes: Rafael Carrascal García, Abraham Pinto Mendoza, Diego Manuel Fernández González Columé, Juan Lucena Orellana e Federico Plasencia Chacón. O lucense Oniel Rodríguez López, foi galardoado polo xurado co premio para o artista local, dotado de 450 euros e diploma.

O concelleiro Alexandre Penas afirmou que o Certame de Pintura Rápida “contribúe a proxectar a riqueza patrimonial e cultural de Lugo, tanto entre os propios participantes, que chegan de todo o estado, como a través dos propios cadros, que recollen os recunchos máis fermosos da cidade”. Ao acto de entrega de premios foron convidadas integrantes de todos os grupos que compoñen a corporación municipal.

O San Froilán 2024 xa ten cartel

O San Froilán e o San Froilán Miúdo xa teñen carteis anunciadores. O xurado, composto por Bruno López Rodríguez (ELERRE), deseñador gráfico e membro da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, Elsa Vázquez Martínez, pintora e profesora no IES de Lalín e a Cándido Díaz Mosquera, profesor e representante da Escola Superior de Arte e Deseño Ramón Falcón, escolleu o cartel gañador entre 40 propostas presentadas para ser a imaxe do San Froilán 2024. O artista Isidro Gil Morales, coa súa proposta titulada *Globo* foi proposta escollida polo xurado como imaxe do San Froilán 2024, mentres que Rosalía Longarela Santos, de 14 anos, co seu traballo *Os amigos de San Froilán sempre volverán* será a imaxe do San Froilán Miúdo. Isidro Gil Morales



recibirá un premio de 2.000 euros e Rosalía Longarela Santos recibirá material de pintura e debuxo valorado en 300 euros.

Rubén Arroxo lembrou que a área de Cultura está “traballando nos distintos pregos das festas, como son as casetas, a colocación do recinto feiral e a produción dos escenarios, que anunciaremos nos vindeiros días”. A área de Cultura ten xa abertas distintas cuestións relacionadas coa organización das festas, como os procedementos para participar na feira Gastroarte e para a instalación de 17 postos durante as festas de San Froilán no recinto feiral, en Rodríguez Mourelo para postos de venta e en García Portela para xogos de habilidades ou o alumeado das festas. A área de Cultura prorrogará os contratos das casetas e caldeiros de polbo e mantén aberto o prazo de licitación para a instalación da caseta e caldeiro nº 2 durante as festas.

Lugo prepara o Urban Tour 3.0

O Urbantour 3.0 chega a Lugo, da man do Executivo de Paula Alvarelos, a través da Área de Xuventude e Deportes que dirixe Jorge Bustos. A iniciativa, que combina street dance e batallas de gallos, procura promover a cultura urbana e ofrecer alternativas de ocio saudable para a mocidade. “Co Urban Tour 3.0, buscamos non só ofrecer un espazo de lecer e entretemento, senón tamén crear un ambiente onde a mocidade poida gozar e aprender sobre a importancia de evitar condutas aditivas”, sinala o edil.

O prato forte da actividade será o evento que se celebrará o 13 de

setembro, ás 19.00 horas, na Praza Augas Férreas. A batalla de gallos, que terá o acceso libre e de balde para o público, contará cun total de 16 participantes seleccionados por distintos méritos: 4 por méritos a nivel nacional, 4 por votación popular e 8 por casting. O obxectivo é promover o talento local e nacional, así como fomentar a participación da cidadanía a través de votacións populares. Ademais, as persoas asistentes poderán gozar coas exhibicións do outro gran atractivo do programa: as masters-class de street dance.

Os participantes competirán por premios en metálico, co primeiro

posto recibindo 200 euros e o segundo posto 100 euros. As inscricións están abertas a partir do 15 de xullo a través da páxina web oficial, www.urbantour.es.

O Urban Tour 3.0 non se limita só á competición e, durante o verán, levaranse a cabo varias formacións sobre estilos de baile urbanos por parte das academias Stardance, Ritmo Lugo e Gravity. A Praza de Augas Férreas será o escenario destas sesións os xoves 1, 8, 15, 22 e 29 de agosto e o 5 de setembro, cuxo inicio será sempre ás 19.00 horas, e que culminarán coa posta en escena na batalla final o 13 de setembro.

El Camino de San Pedro

Rúa San Pedro 43
Teléfono 982 252 213
Menú del día y carta

ACADEMIA DE ESTUDIOS

EL BUIHO

Calle Tuy 76, Bajo, 27004 Lugo.
TEL: 685 99 89 77

CAMPAMENTO DE VERANO URBANO DE 7 A 12 AÑOS

!!!POR TAN SOLO 50€/SEMANA!!!

JUNIO / JULIO / AGOSTO BILINGÜE INGLÉS - FRANCÉS



Chega á cidade a mostra 'Xaquín Marín. Humor Líquido Galego'

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroso, e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, visitaron no Vello Cárcere a exposición Xaquín Marín. Humor Líquido Galego, que chega á cidade de Lugo despois de estrearse en abril na Coruña, como segunda parada dunha itinerancia por diversas cidades e vilas de Galiza. A exposición, realizada pola Federación de asociacións culturais Galiza Cultura, ten como obxectivo dar a coñecer, ao máximo posíbel na sociedade galega, a vasta obra do autor, como recoñecemento a unha longa traxectoria profesional e vital.

Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, destacou a obra de Xaquín Marín como "parte da memoria colectiva das galegas e galegos", e afirmou que o traballo de Xaquín Marín "recolle os sucesos máis importantes do noso pobo ao longo dos últimos 60 anos".

Xaquín Marín. Humor líquido galego poderá visitarse no Vello Cárcere ata o vindeiro 10 de outubro. A mostra enmárcase dentro do ciclo de actividades que desenvolve Galiza Cultura ao redor da obra do pintor, humorista gráfico, creador de banda deseña-

da, cartelista, ilustrador e muralista. O proxecto, iniciado no ano 2022 é unha oportunidade única para ter unha imaxe o máis completa posible do universo de ideas e dos procesos creativos dun artista tan polifacético e singular como é Xaquín Marín.

Deste xeito, e grazas un traballo minucioso de selección realizado durante este tempo, cun florilexio único e moi escollido, poderanse (re) descubrir os inicios de Xaquín Marín como pintor social e a posterior evolución na procura dunha arte xenuinamente galega, quizais a parte máis descoñecida polo público de toda a súa carreira.

Asemade, esta selección dá a posibilidade de repasar o seu vasto traballo no campo do humor gráfico e da banda deseñada e a súa incansable defensa de Galiza e da lingua galega e o seu fondo compromiso cos intereses das galegas e os galegos asistindo ao nacemento de personaxes ou series xa icónicas como Gaspariño, o Pé, Isolino, o cacique Don Augusto, Lixandre, Tonecho, Caitano ou o Xinete, pois a mostra tenta seguir os pasos do seu inabarcable labor, tamén, como ilustrador, cartelista, portadista, muralista, conferenciantes, escritor ou divulgador.

Presentado o cartel da XLVI Semana do Cine

Un cartel de Santy Gutiérrez, anunciará a XLVI Semana do Cine de Lugo, por encargo do Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá, entidade organizadora deste evento anual. Santy Gutiérrez, vigués, que estudou en Santiago e reside na Coruña, leva máis de trinta anos como creador gráfico de libros, carteis, humor, caricaturas, publicidade ou cómic.

Ten publicadas obras en Demo Editorial, Oed Publishing, Trifolium, Bruno e Edicións Xerais de Galicia, e acadados vos premios Novo e Brillante de Humor Gráfico, Premio dá Bienal de Caricatura de Ourense ou Premio Albaredo de Xornalismo.

Todos vos días publica unha viñeta de humor cun trans fondo político e



social que a converte nun editorial gráfico de gran fondura e impacto. O cartel da Semana de Cinema comezará a ser distribuído nos próximos días na capital lucense, e a continuación en toda Galicia.

David Fiuza volverá a partir de setembro a dirixir a banda de música

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, avanzou que o director da Banda Municipal de Música do Concello de Lugo, David Fiuza Souto, comunicoulle formalmente a súa intención de reincorporarse ao seu posto a partir do 9 de setembro, unha vez concluído o seu período de excedencia.

A rexedora valorou esta noticia como moi positiva e anunciou a súa intención de manter un encontro co traballador municipal ao longo dos próximos días.

"O regreso David Fiuza é algo co que xa contabamos pero non por iso menos relevante. Sen ningunha dúbida



a súa incorporación supoñerá un impulso tanto para a Escola Municipal de Música como para a Banda da que agardamos poida recuperar canto antes a súa actividade", informou a rexedora.

A RAG dedicará o Día das Letras Galegas 2025 ás cantareiras e á poesía popular oral

A Real Academia Galega dedicará o Día das Letras Galegas 2025 ás cantareiras e á poesía popular oral. Estas mulleres foron creadoras e transmisoras de arte e beleza, malia a vida difícil que lles tocou vivir. A través de figuras como Adolfinia e Rosa Casás Rama (Cerdeira), Eva Castiñeira (Muxía), e Prudencia e Asunción Garrido Ameijende e Manuela Lema Villar (as tres Pandeireteiras de Mens (Malpica de Bergantiños) falecidas hai máis dunha década), a Real Academia Galega renderalles homenaxe no Día das Letras Galegas 2025.

Así o acordou a institución na sesión plenaria ordinaria celebrada este mediodía no pazo de María Pita, na que se referendou unha candidatura múltiple representativa "das moitas persoas, sobre todo mulleres, que por toda Galicia coidaron, arrequentaron e transmitiron" unha tradición centenaria que segue a deixar pegada nas novas xeracións. O vindeiro 17 de maio dialogará asemade coa modernidade de artistas que hoxe exploran novos vieiros para a literatura de base popular partindo da tradición recibida, sempre unida a outro tesouro patrimonial colectivo: a música.

"A lingua galega continuou viva e vizosa durante séculos, malia as prohibicións e a súa desaparición do espazo oficial, porque o pobo galego a custodiou. En particular as mulleres preservaron a lingua e crearon anonimamente unha poesía popular transmitida nas cantigas das avoas ás netas, das nais ás fillas, dunhas veciñas a outras", salienta a proposta aprobada. Nela enlázase a celebración vindeira coa deste ano a través dun verso de Luísa Villalta que sintetiza ese herdo transmitido dunha xeración á outra: "As coplas aprendidas na saia da avoa".



*Clinica dental
Mosquera Otero*





Registrao Sanitario: C27-0013111

- CIRURXÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL
- ORTODONCIA
- IMPLANTOLoxÍA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

**Te damos
una razón
PARA SONREIR**

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es

Inician o proceso para a contratación das actividades escolares

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, anunciou que o goberno de Lugo aprobou na xornada de hoxe a apertura do procedemento de contratación para a prestación de actividades extraescolares nos centros de ensino de educación infantil e primaria de Lugo. Maite Ferreiro destacou a “colaboración” entre o concello, as direccións dos centros e as ANPAs para manter este servizo que permite facilitar a conciliación familiar.

O servizo sae a licitación cun orzamento base de 59.160,65 euros anuais, cunha duración dun ano prorrogable ata un máximo de 3 anos. En total prestaranse 74 horas de actividades para a totalidade dos centros, de xeito gratuíto para as familias. Maite Ferreiro afirmou que “seguimos traballando para ofrecer os mellores servizos aos centros de ensino de Lugo”, e engadiu “atendemos desta maneira ás competencias en educación, unha competencia propia da Xunta de Galiza que des-

carga nos Concellos e da que seguimos reclamando que se fagan cargo pola importante carga de traballo que supón para as administracións locais”.

O concello de Lugo ofrecerá ao longo do curso actividades extraescolares para as e os estudantes dos CEIP Quiroga Ballesteros, Manuel Mallo Mallo, A Ponte, As Gándaras, Albeiros, Anxa, As Mercedes, Casás, Illa Verde, Luis Pimentel, Menéndez Pelayo, Paradai, Rosalía de Castro e Sagrado Corazón ademais da EEI Fingoi nº2. As actividades que poderán desenvolverse estarán englobadas en catro grandes áreas: Deportes, Artes Plásticas ou Escénicas, Coidado do Medio Ambiente e actividades ligadas ás tradicións galegas, como danza e música tradicional. A distribución e temporalización das actividades extraescolares corresponderá aos distintos centros educativos, podendo delegar esta tarefa, sempre que o estimen oportuno, nas ANPAs de cada centro.

Máis de 6.000 persoas visitaron o Museo durante a mostra da Sibila

O Museo Provincial de Lugo contabilizou 6.090 visitas durante a estadía da obra Sibila de Velázquez, que se expuxo no refectorio desde o pasado 11 de xuño ata o domingo 7 de xullo. Das persoas que visitaron o museo durante esas catro semanas, 4.789 achegáronse co propósito de ver o cadro procedente da colección permanente do Museo Nacional del Prado, o que supón unha media por riba das 200 visitas diarias.

Parte das visitas corresponden ás visitas técnicas guiadas, nas que o persoal do Museo Provincial de Lugo ofrecía unha explicación histórica e técnica sobre o obra. Realizáronse 25 visitas en grupo, tanto nos horarios establecidos polo Museo (martes e venres ás 12.30 horas) como nos concertados a través de solicitudes específicas. A programación divulgativa organizada arredor desta exposición temporal tamén tivo un amplo seguimento.

O cadro, un óleo datado arredor de 1632, expúxose no refectorio do Museo cunha museografía específica, con elementos de iluminación -que se intensificaba a medida que a espectadora se achegaba ao cadro - para facilitar a percepción das calidades técnicas da obra, unha vitrina en que se recollían documentos derivados da relación que o museo lucense e o Museo Nacional del Prado mantiveron desde hai máis dun século e a proxección dun audiovisual sobre o programa A arte que conecta do

ESCULTURA POLA IGUALDADE



O xardín do Museo Provincial de Lugo conta cunha nova obra: unha escultura da artista e académica Soledad Penalta, adquirida pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo para ampliar os fondos de arte contemporánea feminina do museo provincial. A artista noíesa presentou a peza, *Visibilidade*, unha estrutura en aceiro corten, de 2,4 metros de altura, que simboliza a loita das mulleres por alcanzar a igualdade e o recoñecemento en distintos eidos

Museo del Prado que levou obras das súas coleccións a 18 museos de todo o Estado.

Ademais, a exposición conlevoa a posta en marcha de medidas específicas para optimizar as condicións de conservación e seguridade da obra.

ALBINO FERNÁNDEZ. Inaugurouse tamén no Museo Provincial de Lugo unha escolma de gravados de Albino Fernández (La Habana, 1921- Buenos Aires, 2014), na que se pode coñecer o traballo deste artista, fillo da emigración galega a América.

Ata o 15 de setembro poderá visitarse a mostra, que reúne máis dunha vintena de gravados que percorren

a súa vida artística. A mostra está producida polo Museo de Artes do Gravado Estampa Dixital de Ribeira e conta coa colaboración do Consulado Xeral da República Arxentina en Vigo.

O proxecto está comisariado por Xoán Pastor Rodríguez Santamaría -director do Museo do Gravado- e Carlos L. Bernárdez, autores dos textos do catálogo desta mostra. A exposición conta ademais con vídeo producido para a soa exhibición en sala elaborado polo documentalista Xan Leira. O horario de visita é de martes a sábado de 10.00 a 13.00 horas e de 16.00 a 20.30. Os domingos será de 10.00 a 15.00 horas.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

EN BREVE

DÉCADA DOS 70. A Xunta de Galicia expón unha escolma de fotografías de José Luis Vega que percorren a década dos anos 70 do pasado século, ofrecendo unha panorámica das xentes, o urbanismo ou a situación económica e social de Lugo naquela época. A mostra A cidade e as xentes prolongarase ata o mes de outubro e consta de dúas partes diferenciadas. A Biblioteca Pública Provincial rescata as imaxes relativas ao período 1970-1975, que hai un ano expuxera o Arquivo Histórico Provincial, mentres este acolle desde marzo as correspondentes á etapa entre 1975-1979.

CONGRESO. O Campus Terra da USC abriu o prazo de inscrición e de envío de resumos para a primeira edición do Congreso Ibérico da Mocidade Investigadora que este campus de especialización no eido agroalimentario e forestal desenvolverá no mes de outubro baixo o lema “Raíces do coñecemento”.



O foro diríxese a estudiantado de grao, mestrado, predoutoral e novo persoal investigador interesado en compartir os seus resultados e poñerse en contacto con especialistas doutras áreas.

QUÍMICA ORGÁNICA. Especialistas de todo o mundo de química orgánica debaterán os últimos achados neste ámbito no marco da vixésimo oitava edición da Conferencia Electrónica Internacional ECSOC28 (International Electronic Conference on Synthetic Organic Chemistry). Este é un foro de intercambio de

coñecemento coordinado polos investigadores do grupo Novas Metodoloxías Sintéticas (SWT) do Campus Terra da USC Julio A. Seijas Vázquez e Pilar Vázquez Tato. O encontro desenvolverase en liña do 15 ao 30 de novembro e o prazo para o envío de resumos finaliza o 26 de xullo segundo as directrices establecidas na páxina web deste evento que botou a andar no ano 1997.

MURALLEANDO. Continúa a quinta edición do ciclo de concertos Muralleando, que abre a Praza da Mosqueira ás distintas agrupacións musicais de Lugo. En total, 21 mostrarán a súa música con concertos gratuítos que teñen lugar os venres e sábados, a partir das 20.30 ata o 31 de agosto. Así, esta primeira semana (9 e 10) actuarán Perguizán e Vraica, para continuar na seguinte con Iria Estévez e Mustélicos. Clausurarán o programa os días 30 e 31 de agosto con Panosedán e Jade.

“Cando toco a gaita noto unha enerxía como se o meu avó me axudara”

Óscar Pérez fundou no 2013 o grupo e a asociación Os Xílgaros de Lugo para impulsar a tradición

Lucía Blanco

“Cando toco noto unha enerxía como se meu avó me axudara, é unha conexión moi estraña”, conta Óscar Pérez, gaitero autodidacta ao que o amor pola música lle corre polas venas. Faleceu cando tiña só 5 anos e non lle puido ensinar nada, pero quixo igualmente que non se perdesa o relevo dun dos “primeiros gaiteros da comarca”, natural de Vilares, en Neira de Rei. Esa paixón polo noso levouno precisamente a fundar o grupo e a asociación Os Xílgaros de Lugo, que cumpre once anos impulsando a tradición, aínda que naceu “de casualidade”.

A Óscar, que era solista, chamárono para actuar e tras unha xuntanza cuns compañeiros lograron sentar as bases da agrupación. “Falei con catro amigos, entre eles a miña muller Merche que é pandereiteira, e ao saír desa actuación improvisada pensei en montar o grupo co obxectivo de divulgar a música tradicional e o folclore e darlle simboloxía ao tema da natureza”. Obxectivos que ben recollen o propio nome e o deseño dos que el mesmo se encargou. “Collín o punteiro da miña gaita que é de buxo, un arbusto típico galego. Na miña casa teño un que plantou meu avó e fusionéi a rama de buxo co punteiro para explicar que de aí vén a música tradicional”.

A Foliada Nordestiá de San Cibrao, a do Saviñao, o Corpus de Lugo, as patronais de Santiago do Castelo e a Ofrenda do Antigo Reino de Galicia na Catedral de Lugo, onde tocou como solista fusionando a gaita cos órganos e “gustou moitísimo porque dálle un toque maxestuoso”, engádense a unha longa lista de actuacións tanto polo territorio galego como por Portugal, que cobran especial forza a partir de marzo. “Hai unha constancia e un compromiso de ensaio moi grande e ao ter un repertorio tan variado hai que levalo ben preparado. Desde a fundación as actuacións foron a máis e pouco a pouco imos facendo o camiño”.



ACTUACIÓNS. Os vindeiros meses veñen cargados tanto para Óscar e Merche como para Genaro, que toca o bombo; César, que se encarga da caixa e para os gaiteros David e José Luís, que acaban de compoñer Os Xílgaros. “Estamos moi contentos pola acollida. Agosto témolo todo completo. Temos unha voda; actuacións en Cartelos (Taboada), en Cela (Outeiro de Rei) e no Folión de Carros, en Chantada. E en setembro estaremos pola zona de Navia e en Lugo e máis actuacións que faltan por confirmar”. En canto ao repertorio, asegura que todas as pezas contan con algo especial.

“Depende tamén do momento. Estivemos, por exemplo, nuns cantos de taberna no Saviñao e mentres tocábamos A Muiñeira de Armenteira notei que todos estaban moi metidos e quixen darlle un plus improvisando e empalmamos coa Muiñeira de Chantada sen parar. Mentres toco estou a todo, aos meus compañeiros pero tamén a como reacciona o público”, lembra. Outra das actuacións que recorda con especial cariño, aínda que son moitas, foi a estrea da composición sobre a súa parroquia, Santiago de Castelo.

“Tocámola en directo por primeira vez nas Festas do Santiago, diante dos veciños, e fíxolles moita ilusión”, conta Pérez ao que sempre o acom-

pañía a gaita que mandou construír en recordo do seu avó. Algunha das súas composicións e pezas doutros grupos tradicionais históricos como Os Gaiteros de Soutelo ou Campañeiros de Vilagarcía, aos que querían darlles unha homenaxe, aparecen recollidas no seu disco, gravado 100 % na cidade, que sacaron no 2023. “Foi por celebrar o noso décimo aniversario e era algo que ía quedar para sempre, era o momento. Fíxemolo en formato físico, encargueime tamén de todo o deseño, porque son partidario das redes sociais pero as plataformas son algo máis frías”.

OBRADOIROS. As 18 cancións deste álbum, toda unha proeza porque o gravaron en 5 horas, reflicten ben a esencia destes músicos. “O do estudo non o cría, pero levabamos todo moi ben preparado. Fixemos como un simulacro dunha actuación en directo porque queríamos que cando o escoitasen transmitise como se estivésemos diante deles tocando no salón da casa ou no coche”, di. Pero non se centra só no traballo co grupo, senón que tamén promove clases e obradoiros de música, canto, pandeirata, gaita ou percusión a través da asociación, que está aberta a novas incorporacións e conta cuns 20 socios que van dos 24 ata os 72 anos.

“Require paciencia, pero a miña maneira de ensinar a música ou transmitir a unha persoa que sexa maior e ao mellor non sabe de solfeo ou se é máis nova e ten outras calidades e pode absorber mellor as cousas, por exemplo”. O calendario complétano as xuntanzas periódicas como xa a clásica Foliada-Magosto, no mes de novembro, na que logran reunir grupos de música tradicional de distintos puntos da xeografía galega como Ortigueira, A Coruña, Pontevedra e Lalín.

“Cada ano vai collendo máis auge porque imos mellorando cousas. Na última creo que chegamos ás 350 persoas. O tempo non acompañou pero todos nos din que é unha pasada polo a gusto que están. É moi bonito velos tocando e cantando xuntos, mesmo xente que non vén do mundo tradicional e se anima. Cando se van e a valoran, comentan que é como se estiveran na casa”. O presidente deste colectivo recóñece que estes 11 anos non foron nada doados, pero forzas non lle faltan para seguir facendo o que máis desfruta: poñer en valor o folclore e compartir o gusto por esta arte. “Todo o facemos dende o corazón. A música para min é transmitir, non é só tocar e xa está, é algo sentimental”.

O BNG pídelle á Xunta persoal para a atención do alumnado con necesidades especiais

O BNG pídelle á Xunta de Galicia que garanta persoal nos centros educativos para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais. Desde a organización nacionalista reclaman tamén a adecuación dos horarios de transporte para que o alumnado de bacharelato que ten que desprazarse a Lugo poida chegar a tempo aos centros xa que, na actualidade, os horarios de autobús que unen concellos como o de Baralla, O Corgo e Castroverde non se adaptan ao horario dos centros o que prexudica ás rapazas e rapaces. Coincidindo co remate do curso escolar 2023/2024, desde o BNG mantiveron reunións con representantes da comunidade educativa lucense, tanto das familias (FAPACEL) como do profesorado (CIG-Ensino). Nestes encontros, tanto as nais e pais de alumnado como representantes sindicais do profesorado, trasladaron ao BNG a súa preocupación pola falta de persoal especializado na atención do estudantado con Necesidades Educativas Especiais (NEES), tanto AL e PT como profesorado preferente para atender alumnado con autismo.

Desde o Bloque Nacionalista Galego reclaman á Xunta que dote os centros do persoal necesario para garantir a atención especializada que precisa o alumnado con NEES. “Non podemos falar de inclusión se os centros educativos carecen do persoal e dos recursos necesarios para garantir un ensino accesible a todo o estudantado”, sinalou a deputada Olalla Rodil.

Así mesmo, familias de concellos do rural tamén trasladaron ao BNG a necesidade de adaptar os horarios do transporte ordinario aos dos institutos da cidade de Lugo, toda vez que estudantado procedente de concellos como Baralla, O Corgo ou Castroverde que se ve obrigado a desprazarse até a capital para continuar coa súa formación, non pode facelo usando a liña de autobús regular ao non coincidir co horario de inicio e finalización das aulas.

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet
sótano

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”

1º PREMIO
2º PREMIO
3º PREMIO

PORCELÁNICO
TEKA
Medidas 15x90

12€ m²
+ IVA

Posibilidade de reparto gratuíto
y de completar tu pedido con
otros materiais
*hasta fin de existencias

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es

Xantar no Fogar asiste a máis de cen lucenses

Cofecer de preto o funcionamento da empresa encargada do servizo de Xantar no Fogar foi o obxectivo da visita realizada pola alcaldesa, á empresa que desde este ano se ocupa de prestar esta asistencia a máis de cen persoas vulnerables no municipio de Lugo. Cun orzamento de 474.300 euros para os vindeiros dous exercicios, o Concello incrementou a contía deste servizo nun 22,5 % respecto ao ano pasado, incorporando varias melloras como a frecuencia de repartición semanal, de dúas a tres veces á semana; o subministro de 1.000 comidas adicionais, ata 41.460 menús ao ano como mínimo, primando a variedade, a calidade e a adaptación ás dietas.

O incremento dos prezos da lista da compra levou ao Concello a esa nova contratación a primeiros de ano dun servizo que presta asistencia a persoas vulnerables, principalmente maiores que viven sós, ou a aquelas que por diferentes motivos físicos, económicos ou

sociais precisan desta atención. O novo contrato adxudicado para os próximos dous anos, tamén trouxo consigo outras melloras, ademais das que afectan á repartición semanal e ás mil comidas adicionais ao ano, como son a rotación dos menús a seis semanas, a cesión de pequenas neveiras nos domicilios, en casos de emerxencia social, e a subministración dun litro de leite e outro de zumo á semana.

Os usuarios son en torno ao 60 %, mulleres maiores que viven soas, aínda que no municipio hai unhas 5.000 persoas nesta situación e sobre as que, dende a área de Benestar Social do Concello de Lugo, se realiza un seguimento continuado. Para optar a esta atención hai que estar empadroadado en Lugo; ser usuario do servizo municipal de Axuda no Fogar, que complementa ao de xantar, e ser dependente para algunha das actividades básicas da vida diaria que impida a realización das actividades que supoñen a preparación de comidas.

Continúan a aposta do Goberno local polo transporte público

O tenente alcalde e concelleiro de Mobilidade, Rubén Arroso, anunciou que a Tenencia de Alcaldía continúa coa campaña de promoción do bus urbano "Por Lugo, vai en Bus", unha campaña que pretende fomentar o uso do transporte público entre as veciñas e veciños de Lugo. "O bus urbano permite máis facilidades fronte o vehículo privado, como non buscar aparcamento, contribuír a reducir as emisións contaminantes e aumentar a seguridade viaria, ao ter menos vehículos circulando polas rúas", di. Destacou as distintas facilidades postas en marcha para que a veciñanza teña información sobre a situación da rede de transporte público. O portal de información en tempo real do servizo de bus urbano, urbanoslugo.com permite saber en directo canto falta para que o bus chegue á súa parada. O servizo conta coa información en tempo real de 275 paradas, "a totalidade das paradas da zona urbana, as máis concorridas do servizo de transporte público". A través desta web, as veciñas e veciños poden obter toda a información relativa ao bus urbano, como o mapa de liñas, información sobre as tarifas ou sobre a tarxeta cidadá.



Rubén Arroso destacou que "continuamos a mellorar o bus urbano de Lugo, que co novo modelo permite que practicamente toda a veciñanza de Lugo teña conexión directa co HULA ou coas áreas industriais". A web únese ás 23 pantallas colocadas nas principais pantallas. "Lugo ten o transporte máis barato das cidades galegas e o terceiro máis barato das capitais de provincia do estado", explicou Rubén Arroso, que engadiu "coa Tarxeta Cidadá, o prezo do bus urbano redúcese ata nun 50%". O Tenente Alcalde anunciou que "máis de 30.000 persoas teñen xa a súa tarxeta cidadá e desfrutan de todas as vantaxes que supón este sistema".

Pagando con tarxeta cidadá, o prezo do billete ordinario pasa de 0.64 euros a 0.45, no caso de non ter dereito a bonificacións, ou a só 0.31 no caso de persoas pensionistas, desempregadas, estudantes ou persoas con mobilidade reducida, con transbordos gratuítos en todas as situacións. Para obter a tarxeta cidadá, deberá cubrirse o formulario que se pode atopar na web do Concello, ou recollelo nas oficinas municipais do seminario, e pagar a taxa de 3,09 euros nunha oficina de Abanca. Despois, deberá pedirse cita no 010 para retirar a tarxeta nas oficinas do Concello. A recarga do moedeiro será, como mínimo de 5 euros, cun máximo de 60.

Un lucense, o único galego no campionato do mundo de oratoria

A calidade galega e española en canto a oratoria ten selo lucense. Óscar Rodríguez da Carlos III de Madrid, xunto co malagueño Alberto García da Pontificia Comillas, representarán a España no campionato do mundo de oratoria en español xunto á argentina Stefanía Fossa, da Universidade de Belgrano, e a peruana Stefany D. Gamarr, da Universidad Nacional Mayor de San Marcos. Tras unha selección entre 400 participantes de 80 universidades e uns 20 países, estes catro estudantes son os seleccionados para participar na gran final de *Esto es debatible*.

A proba está organizada pola Red Latinoamericana de Cooperación Universitaria e a Liga Española de Debate Universitario e terá lugar na Universidade de Belgrano de Bos Aires o 17 de outubro. A selección para esa última fase do campionato realizouse a través da media ponderada de cualificación tanto de expertos e votos do público. Deste xeito, a votación popular foi decisiva, xa que



representou o 30 % da decisión final para a selección. Rodríguez estuda primeiro de ADE en Madrid e acumula xa logros académicos individuais e colectivos desde antes de comezar a carreira. Foi elixido Mellor Orador do Torneo de Debate Académico de Galicia 2023 da Fundación Barrié, en diversas edicións do certame Parlamento Xove ou os torneos das universidades Francisco de Vitoria e Carlos III.

Centralizan no centro social Uxío Novoneyra a nova Oficina de Voluntariado

Desde agora, calquera persoa que queira prestar a súa axuda como voluntaria pódese dirixir ao centro de convivencia Uxío Novoneyra, onde está constituída a nova Oficina Municipal de Intermediación do Voluntariado, un órgano que actuará de intermediario entre as persoas interesadas en prestar esta colaboración e os distintos colectivos que operan en Lugo. Desde este centro realizarán unha primeira valoración de idoneidade do perfil, derivando a cada voluntario ou voluntaria á asociación que máis conveña polas súas condicións e posibilidades de colaboración.

O obxectivo coa posta en marcha desta oficina non é outro que dinamizar a acción social e reforzar o traballo dos colectivos a nivel local. "Insistimos en que é prioritario prestar un soporte integral ao tecido asociativo lucense. As nosas entidades están a realizar un gran labor para toda a veciñanza e, de forma particular, para os colectivos máis vulnerables".

SUMMER CAMP

Total Sport

Semanas

Dende o 24 de Xuño ó 10 de setembro

Luns a Venres
9 a 14h
Opción de 8h a 15h

SEMANA 65€ -3ve

Día sofo 15€ -3ve

Inclue:
Seguro Accidentes Individual
Piscina Club Fluvial 1 día á semana

Descostos:
5€ Por semana para irmás/irmáns, e para nenos/as que vayan máis doha semana.
5€ Cada semana PARA NENOS/AS DO Colexio Público de Casás e do Clube Peledeportivo Casás acumulables a outros descostos.

606 804 864 inscricións **totalsportgal** Colexio Público Casás



Por Lugo:

VAI EN BUS



Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com

#activandolugo

Conversa con Tito Margaride, ex atleta e medallista paralímpico

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

O 26 de xullo comezaron os Xogos Olímpicos de París 2024 e, posteriormente, os Xogos Paralímpicos. Por iso, a miña colaboración de agosto é unha conversa con Jesús González Margaride, máis coñecido como Tito Margaride, un deportista español que competiu no atletismo ao máximo nivel e que, tras sufrir un accidente cerebrovascular, obtivo unha medalla nos Xogos Paralímpicos de Sydney 2000, sendo un exemplo de superación ante adversidade. Nado na Pontenova, reside en Lugo dende os catorce anos, sendo sempre un corredor de fondo na vida e na pista.

Cando comezaches a correr?

Desde sempre me gustou e, en vez de xogar ao fútbol, prefería correr. Adoitaba facelo indo ás festas dos pobos veciños. E cando tiña doce anos tiven a gran sorte de coñecer a Mariano Castiñeiras, un traumatólogo que exerceu na miña vila e que tamén era deportista, concretamente ultrafondista, participando en maratóns de máis de cen quilómetros e que xa estaba nos últimos anos da súa carreira deportiva. Foi el quen descubriu as miñas facultades para o atletismo e as miñas ganas de correr.

E como foi tal descubrimento?

Pois naquel momento achegueime a el porque era o único que corría pola Pontenova e, a partir de entón, durante case corenta anos non nos separamos ata a súa morte, sendo o meu principal mentor e apoio xunto coa miña muller.

Cando viu as túas capacidades, que pasou?

Con catorce anos fun internado no

Seminario de Lugo, onde estudei pouco, pero corría moito. A miña intención non era prepararme para ser cura, senón que alí estaban internados varios nenos veciños. E, sobre todo, porque podía adestrar nas hortas do recinto, ademais de facelo no monte Segade. Cando rematei o BUP decidín deixar de estudar e empecei a traballar nun almacén de calcetíns, compaxinándoo cos meus adestramentos e ás competicións. Aínda que tiña a idea de formarme como bombeiro porque daquela as probas non eran tan duras.

En que tipo de competicións deportivas participaches durante ese tempo?

En carreiras a pé como o Maratón Popular de Santiago de trece quilómetros que gañei. E o meu adestrador, Mariano, sempre me subliñou que o importante era conseguir boas marcas deportivas máis que os premios económicos. O fundamental era crearse un nome e, menos mal que estaba moi ben asesorado, por iso primeiro dediqueime a 1500 metros, logrando con dezaioito anos as mesmas marcas que os mellores da época como Sebastián Coe á mesma idade. Pero, axiña, sendo tan fibroso, tiven que cambiar de disciplina porque os adestramentos eran bastante fortes e pasei aos 5000 metros, onde tiña máis resistencia.

Cal foi o teu primeiro club de atletismo?

En 1984, o Santa Catalina de Mondoñedo e un ano despois no Atletismo Lugo, máis tarde no Lucus e cando tiven o ictus, tempada 91/92, estiven na Ximnástica de Pontevedra. Hai que subliñar que, daquela na Federación Galega houbo uns excelentes corredores, a xeración do 67 á que pertenzo. Nomes como Alejandro Gómez, o mellor de todos, Carlos Adán e os irmáns de la Torre, todos

foron olímpicos. E estaba competindo con eles por unha praza nos Xogos Olímpicos de Barcelona'92 cando tiven a enfermidade. Tiven a sorte de competir durante catro anos ao máis alto nivel.

Que idade tiñas?

Vinte e catro anos. Aínda era moi novo xa que a mellor idade para un corredor de fondo está entre os vinte e cinco e os trinta anos.

Onde aconteceu?

En Budapest. Estaba alí competindo nun encontro internacional xa que necesitaba baixar uns segundos para mellorar o meu tempo, aínda que tiña o mínimo para ir ás Olimpíadas, España esixía máis xa que, normalmente, en cada país escóllense os tres mellores por disciplina. E foi no adestramento cando sufrín un mareo.

E cal foi a causa?

Hai dez anos descubrín que teño un factor de coagulación sanguíneo alterado, cunha frecuencia cardíaca moi baixa e que, unido a unha condición de deshidratación nese día, provocou este accidente cerebrovascular que, afortunadamente, non foi moi grave e recuperei bastante, quedando como consecuencia unha hemiplexia. Despois de tres meses xa andaba coa axuda do meu adestrador Mariano.

A túa muller tamén xogou un papel importante na túa recuperación?

Si, Teresa sempre estivo ao meu lado, dáte conta de que levamos trinta e tres anos xuntos. Coñecina sendo enfermeira de Castiñeiras, cando o visitaba na súa consulta médica.

Supoño que, a pesar dos apoios, sería un duro golpe para ti?

Si, a vida, ás veces, toma camiños que non esperas e aos que tes que adaptar. Tiña un entusiasmo tremendo pola miña carreira deportiva, pero como estaba tan danado física-



mente, tiven que superalo con moita rehabilitación e coa inestimable axuda da miña muller e do meu superamigo Mariano. Ademais, aos dous anos xa practicaba atletismo na modalidade adaptada para persoas con discapacidade física, formando parte do grupo Axiña de Ourense, podendo competir nos Xogos Paralímpicos de Atlanta'96, conseguindo ser sétimo en 5000 metros. Lembro que ía adestrar coincidindo con Hilda Rodríguez, outra campioa paralímpica de Lugo, neste caso na modalidade de boccia.

Pero o logro máis importante da túa carreira deportiva foi en Sydney 2000?

Si, alí gañei unha medalla de bronce na proba de 1500 metros. E dalgún xeito servíame para quitarme a espina de non poder ser olímpico.

Como son as Paralimpiadas?

Pois son como os Xogos Olímpicos pero con moitos máis deportistas xa

que hai máis disciplinas e con máis categorías. Cada deportista pasa por un tribunal médico que o clasifica segundo a súa discapacidade física e, en función desta clasificación, compites nunha categoría concreta dentro do teu deporte. E hai que resaltar que cada vez o nivel é máis elevado.

Actualmente, segues vinculado ao deporte?

Si, de dous xeitos. Un polo meu traballo, son celador deportivo dos xogadores do Club Baloncesto Breogán, no Pazo dos Deportes. E doutro, practicándoo, agora non é atletismo, xa que hai vinte anos deixei a competición por culpa do xeonllo afectado, senón que o fago para manter as miñas capacidades físicas. Vou ao Pazo unha hora antes do traballo, a facer exercicio, e non só os días laborables senón tamén as fins de semana que podo. Dáte conta de que dende que tiña dez anos estou movéndome e adquirindo moita disciplina.



OBRASY REFORMAS JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauracións • Acondicionamentos
Mantenimentos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106



MARMOLES VILARIO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS*
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 · Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

O PP reorganízase logo da dimisión de Rozas “por motivos persoais”

Logo da dimisión de Enrique Rozas “por cuestións persoais e familiares”, o Partido Popular deu conta da súa nova organización dentro do grupo municipal.

Así a figura de vicevoceiro pasará a Ramón Cabarcos, “unha persoa comprometida que vén traballando con rigor e tenacidade nas áreas de Rehabilitación e Urbanismo, dous eidos de gran importancia na actualidade lucense. Destaca a súa habitual presenza en todos os eventos destacados tanto na cidade como no rural”, subliña Candia.

Asume a acta de novo concelleiro o seguinte integrante da lista electoral (o número 13), Damián Carballo, 36 anos, un xove empresario do sector da hostalería e unha persoa vinculada ao deporte e partícipe activo do Arde Lucus. Levará as áreas de Educación e Xuventude.

Elena Candia mantén o seu labor de voceira e as áreas de economía e



cultura. Cristina Sanz levará Fondos Europeos, Lugo Transforma e asesoramento a empresas e emprendedores. Antonio Ameijide é o encargado de infraestruturas, mobilidade e medio ambiente. Javier Vázquez ocuparáse de seguridade e deportes, que asume esta dedicación.

Encargada da zona rural segue a ser Flor Rubinos, mentres que Silvia Colmenero ocupa as áreas de comercio, industria, consumo e economía

sostible. Completan a representación, Agustín Gallego con turismo, Aurora Goás con muller e igualdade e Gustavo Díaz con benestar social, migración e voluntariado.

Mar Carballas dedicarase a recursos humanos, atención á infancia e sumará a área de participación.

Esta renuncia de Rozas só afecta á súa acta de edil xa que continuará nas responsabilidades que ten asignadas na estrutura do partido

Rehabilitarán 4 vivendas tuteladas para vítimas de violencia de xénero

O Concello rehabilitará catro vivendas tuteladas destinadas a mulleres vítimas de violencia de xénero, cun investimento total de 365.342,50 euros, que será integralmente financiado con fondos europeos Next Generation. Deste xeito, aprobará, en Xunta de Goberno Local, o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello para o desenvolvemento e execución do plan “España te protege contra a violencia machista”, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea, Next Generation. As actuacións previstas inclúen melloras en accesibilidade, eficiencia enerxética e seguridade das vivendas, co obxectivo de ofrecer un espazo seguro e adecuado para a re-

cuperación das mulleres afectadas. A concelleira de Muller, Igualdade e Inclusión, Ángeles Novo, subliñou a importancia da colaboración entre as diferentes administracións para loitar contra a violencia de xénero. “É fundamental a cooperación entre todas as institucións para levar a cabo proxectos tan necesarios como este. Só traballando xuntos poderemos proporcionar ás vítimas de violencia machista os recursos e a seguridade que precisan”. O Concello será o encargado da execución das obras, mentres que a Consellería supervisará o cumprimento dos obxectivos. As vivendas rehabilitadas estarán equipadas para garantir a máxima accesibilidade e cumpriran cos estándares máis rigorosos en termos de eficiencia enerxética.

LUGO POR PALESTINA



A Plataforma Lugo por Palestina rematou o pintado dun mural na cidade de Lugo reivindicando a liberdade do territorio palestino ocupado dende 1948, cuxo pobo actualmente está a sufrir un xenocidio por parte do sionismo.

Este mural está situado nunha zona verde do barrio de Paradai, ao lado do hospital veterinario da rúa Alexandre Bóveda. Esta é unha máis das actuacións que acomete este colectivo en apoio ao pobo Palestino dende que comezou a guerra en Gaza.

Lugo Monumental acada os 163 socios e amplía a súa directiva

Lugo Monumental alcanza os 163 socios. En consonancia con este aumento, a directiva incrementa o seu número e está composta por 13 membros de moi diferentes profesións e sensibilidades. Deste xeito, a asociación está composta actualmente por 163 locais e de moi distintos campos de actuación.

A día de hoxe a composición correspóndese cun 62 % de comercio, 22 % de hostalería e 16 % de servizos entre os que se inclúen cuestións tan diversas como xestorías, salóns de peiteado ou outros servizos per-

soais. Desde que Lugo Monumental recuperou a súa actividade en 2012, en que 17 locais tomaron a iniciativa de revitalizar a Asociación, o crecemento foi constante.

En espazos como a Praza de Abastos e o Mercado de Quiroga Ballesteros, Lugo Monumental sinalan que é a asociación máis representativa, e de feito a única que está a operar actualmente en representación dos industriais de ambos os espazos. Incluso a Asociación do Mercado dissolveuse para integrarse en Lugo Monumental. A directiva que agora

se presenta inclúe a tres persoas de Praza e Mercado, para dar relevancia á gran importancia que este espazo ten no centro histórico.

En canto á directiva, en xaneiro a Asemblea reelixiu por unanimidade a Luis Latorre Real como presidente, e este iniciou un proceso de renovación da directiva, aumentando a súa composición para reflectir o incremento de socios. Na secretaría está Susana Varro Parga, como tesoureiro exerce Diego Rodríguez Rodríguez e como vogal, Antonia M. Iglesias Martínez

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

EN BREVE



BOLSAS. A Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas fixo entrega das bolsas de estudos de posgraduado mediante as cales a Fundación dotará economicamente da totalidade do custo da matrícula e aloxamento durante os meses que dure o máster no país de destino. As bolsas foron para Alejandra López, Belén Sanfiz Cadórniga e Carmen Fuentes González, que estudarán en París, Italia e Portugal.



COLIVING. O Concello celebrou con gran éxito de participación a primeira actividade do novo Coliving Artístico Municipal, impulsado polo Executivo de Paula Alvarellos, situado no barrio do Carme. O obradoiro de exploración botánica urbana titulado *Herbiñas en residencia*, dirixido pola artista Noa Rodríguez Méndez, marcou o comezo dunha serie de iniciativas destinadas a dar a coñecer esta innovadora instalación á cidadanía e á comunidade artística.

Lugo terá o primeiro cemiterio público de mascotas de Galicia

O Goberno de Lugo aprobará o inicio do procedemento para construír un cemiterio destinado a mascotas e animais de compañía na contorna do actual cemiterio, nunha parcela anexa duns 800 metros cadrados. A concelleira de Participación e Servizos á Veciñanza, Cristina López, declarou que “levamos meses traballando neste servizo, o que nos permitirá atender a unha proposta que a veciñanza leva tempo reclamando”. Trátase do primeiro cemiterio público de mascotas de Galicia.

O novo espazo será pechado perimetralmente, e a zona interior será axardinada e contará con bancos e elementos que permitan crear un espazo íntimo para a lembranza dos animais falecidos. O novo cemiterio terá espazos para gardar as furnas dos animais incinerados, xunto cun-



ha zona para gardar a chapa ou a cadea do animal. O Goberno de Lugo investirá 151.154,18 euros nesta actuación, que se realizará priorizando o uso de materiais naturais e usará deseños respectuosos coa contorna, e contará cunha capacidade inicial de 320 mascotas en columbarios individuais para furnas, xunto cun espazo onde depositar cinzas.

O novo cemiterio de mascotas contará con zonas de sombra ao plantar 19 árbores en toda a contorna, e contará con bancos, mentres que os espazos de paseo da contorna estarán decorados con pegadas de animais feitas en formigón. Cristina López destacou o traballo realizado nos últimos anos para mellorar o Cemiterio Municipal.

Alvarellos e Rueda reúnense para traballar “na mellora de Lugo”



O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, reuniuse coa alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, a quen lle comprometeu a máxima colaboración para impulsar os proxectos conxuntos entre a Administración autonómica e a local, e a quen solicitou tamén celeridade en todos os trámites municipais. Así o explicou tras un encontro que cualificou de “cordial, afable e bastante executivo” e que servirá para afianzar as canles de colaboración entre ambas dúas administracións, mesmo con reunións anuais. Entre outros asuntos, o presidente da Xunta reafirmou o compromiso do Goberno galego coas infraestruturas sanitarias na cidade de Lugo, con proxectos xa en funcionamento, e con outros previstos, como a construción do novo centro de saúde do Sagrado Corazón.

Rueda trasladoulle á alcaldesa a necesidade de segregar coa maior celeridade posible, a parte dos terreos que o concello cedería para levar a cabo esa obra, sen prexuízo

de que nun futuro se poidan acometer novas actuacións no resto da parcela de propiedade municipal. Sen saír do ámbito social, Rueda tamén informou á alcaldesa de como avanzan os trámites para a posta en marcha da residencia da Fundación Amancio Ortega, que habilitará 120 prazas públicas para maiores, toda vez que onte o concello deu a licenza municipal.

En concreto, avanzou que xa se comezou a chamar aos primeiros usuarios, e lembrou os esforzos do Goberno galego nas adaptacións doutras residencias de maiores da cidade. No encontro, tamén abordaron as políticas de promoción de vivenda pública que está acometendo a Xunta na cidade. Así, recordou as case 100 vivendas que se rehabilitaron na Tinería, e as 146 cuxo proxecto está en tramitación na avenida Paulo Fabio Máximo. Ademais, Rueda lembrou que había outras 58 proxectadas inicialmente nunha parcela no Castiñeiro, que se descartou.

Entra en funcionamento o Consello do Maior

O Executivo de Paula Alvarellos, a través da Concellería de Benestar Social e Maiores, porá en marcha de xeito inminente o Consello do Maior, despois da súa aprobación no último pleno, no que ademais da súa constitución quedaron aprobadas as bases dun órgano co que se pretende fomentar e mellorar a participación deste colectivo na vida municipal. De feito, estase a preparar a primeira reunión deste novo órgano para despois do verán, no mes de setembro, un encontro no que “reuniranse ás distintas asociacións que traballan en Lugo a prol dun colectivo moi amplo, pois hai que lembrar que no municipio hai 21.000 maiores, polo que estou convencida de que será moi beneficioso colaborar para acadar un maior nivel de benestar”, explica a edil de Benestar Social.

Ademais, nesta reunión abordaranse as principais problemáticas e demandas deste colectivo, de xeito especial todo o que afecta ás persoas de idade avanzada que viven soas no municipio de Lugo, e que na actualidade son unhas 5.000. A concelleira de Maiores explicou en varias ocasións que “como Concello temos o deber de fomentar a participación e a implicación deste colectivo na vida municipal, especialmente no deseño das políticas que lles atinxen dun xeito directo. Por iso apostamos por estreitar a colaboración e o traballo conxunto como viñamos facendo ata de agora dun xeito informal, e facelo coa creación deste novo órgano, para acadar un maior nivel de benestar e atención”.

Il Jornadas Bonito del Norte
12 Julio - 18 Agosto

16€ Bonito a la brasa, ajo blanco y tomate concassé

14€ Escabeche de bonito

12€ Aguacate a la brasa y tartar de bonito

982 24 70 76

604 01 33 05

RECATELO N°1

GA LO

O Concello acorda pedir á Xunta a paralización da planta de Coeses

O debate en torno á planta de biometano proxectada en Coeses volveu protagonizar o pleno municipal. O Concello aprobou na última sesión unha proposición do BNG, presentada como resposta á iniciativa do PP hai un mes, para solicitar á Xunta a paralización da fábrica. De novo, veciños das parroquias afectadas achegáronse ata o consistorio para amosar a súa oposición á instalación. A proposta nacionalista adoptouse por unanimidade tras os votos a favor dos 24 edís dos tres grupos municipais, PSOE, BNG e PP.

“Producirá ruidos, cheiros e que pode ter influencia na calidade da auga da zona”, afirmou Rubén Arroxo. O BNG reclama, xunto coa veciñanza da zona, que se valore unha localización alternativa “que

non afecte a ningún núcleo de poboación”. Pola súa parte, a Xunta declarou o proxecto como iniciativa empresarial prioritaria, o que supón a simplificación de trámites administrativos, “mais o que debe ser prioritario é garantir que as veciñas e veciños da contorna non vexan reducida a súa calidade de vida”, afirmou.

Neste senso, os nacionalistas solicitaron no Congreso o informe da CHMS, un documento que valora negativamente o proxecto e que será vinculante para a autorización ambiental da Xunta de Galiza. O proxecto localízase en solo rústico de protección forestal e conta con núcleos de poboación a poucos metros. “O BNG non está en contra dunha solución ao tratamento de residuos orgánicos, como é a proposta que temos



enriba da mesa, mais a Xunta ten que promover que estas iniciativas se executen nunha zona catalogada como solo industrial, onde se minimize a afectación ás vivendas”.

Pola súa parte, os socialistas responsabilizaron ao Goberno autonómico e demandaron de novo un cambio de localización. “Estamos de acordo en que é necesario buscar unha saída aos residuos e sabemos cara onde van encamiñados esas saídas pero en todos os casos non haberá outro lugar no que se poida poñer que non afecte a poboacións como vai afectar como vemos nos informes da Confederación e de Saúde Pública”,

afirmou a rexedora.

Pola súa parte, a voceira popular Elena Candia quere saber se o Goberno local “vai facer algo máis que oposición ao PP”. Para Candia perderon unha oportunidade para dar explicación dos motivos polos que no ano 2021, cando entrou o proxecto no Concello, “non foron transparentes e informaron á cidadanía desta iniciativa empresarial”. Ademais, “lamentan a politización, por parte do PSOE e do BNG”, dun asunto tan importante advertindo de que a demagogia que practican pon en risco a convivencia veciñal das zonas afectadas por este proxecto.

Continúa a investigación sobre o xacemento de Corro dos Mouros

Continúa a investigación sobre o xacemento de Corro dos Mouros, en Santa María Madalena de Adai, unha estrutura singular cuxa construción corresponde ao final da Idade de Bronce. A Xunta e a Universidade de Santiago de Compostela levan a cabo este estudo. Os resultados de dúas mostras analizadas por carbono 14 sitúan a fase de construción deste xacemento

arqueolóxico no século XIII antes de Cristo, continuando a súa ocupación nos séculos X e IX antes de Cristo.

Trátase dun xacemento arqueolóxico tipo “roda”, que presenta unha forma en planta de tendencia circular delimitado por un parapeto ben definido en planta e altura, cunhas dimensións internas entre os 27 m -de norte a sur- e 30 m -de leste a

oeste-, e unhas dimensións externas ao redor dos 52 metros de diámetro. A campaña dá continuidade aos traballos realizados pola Universidade o pasado ano, e ademais de constatar a boa conservación do muro interno que rodea perimetricamente todo o xacemento, permitiu observar a existencia dun muro de contención exterior e un recheo de xabre entre eles de 4 metros de anchura.

Tamén puido definirse o foso, de perfil en V con dous chanzos que suavizan lixeiramente a súa pendente, duns 7 metros de ancho e sobre 1,5 m de altura. Confírmase a existencia dunha coiraza de xeixo colocada sobre o muro de contención

de gran anchura, probablemente ocupando todo o muro perimetral, onde romperon cantos rodados de diverso tamaño para ser colocados como cubrición. Este tipo de xacemento está nunha fase incipiente de investigación en Galicia, xa que a día de hoxe só hai 13 investigados e outros 50 detectados.

Os estudos existentes, aínda preliminares, consideran que poderían ter unha funcionalidade funerario-ritual xa que no interior dalgún deles se localizaron unha serie de enterramentos en fosa, aínda que existe outra liña de investigación que interpretan este tipo de sitios como de uso habitacional e doméstico, como posibles proto castros do Bronce Final.

EN BREVE

SANTA COMBA. Santa Comba, en Lugo, celebra as súas festas na honra a San Pedro e San Román os días 23, 24, 25 e 26 de agosto. O venres haberá pinchos a partir das 22.00 horas no campo da festa no que actuará o Dúo Elixir. O programa continúa o sábado co partido presentación da nova tempada no campo Tras de Novo da SCD Santa Comba. A verbena comezará ás 23.45 horas e está amenizada polo grupo Tania Veiras. O programa continúa o día 25 con misa seguida de sesión vermú da man da orquestra Escaparate. A partir das 22.30 horas haberá verbena con Escaparate e Trébol. O luns haberá de novo misa e sesión vermú co grupo Punto Clave e, xa pola tarde, a partir das 18.30 horas, organizarán xogos para todos os nenos. Á noite actuarán o grupo Punto Clave e a orquestra Fania Blanco Show.

OMBREIRO. San Martiño de Ombreiro presenta o programa das súas festas na honra a San Roque, que celebrarán do 14 ao 16 de agosto. A romaría comeza o mércores ás 22.00 horas con churrascada popular e verbena da man da orquestra Supertop e ao longo da noite haberá varios sorteos. O xoves 15 haberá pasacalles a partir das 11.30 horas co grupo de música tradicional A Routada como parte do programa Tradigalu 2024 da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. A continuación haberá misa na capela de San Roque, procesión e sesión vermú co grupo Fusión Latina. Pola tarde, a partir das 19.00 horas, a maxia será a protagonista coa actuación do mago David. Tamén haberá xogos populares e verbena co grupo Fusión Latina. O venres haberá misa solemne, procesión, sesión e vermú coa orquestra Venezia.

HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com



Melloran arredor de 30 quilómetros das rutas fluviais periurbanas

O Concello de Lugo está a pór en valor os aproximadamente 30 quilómetros das cinco rutas periurbanas que discorren polas marxes do río Miño, co arranxo de todas as pasarelas de madeira, nas que ademais do cambio das infraestruturas se está a acometer a substitución da antiga malla de galiñeiro que cubría a madeira por outra plástica, de polietileno reciclable, máis segura para os usuarios e de menor impacto paisaxístico. En total, instalaranse uns 800 metros desta nova malla, que segundo o concelleiro de Transición ecolóxica, Miguel Fernández, “é máis resistente, segura para evitar accidentes e caídas, duradeira, resistente e o que é moi importante, respectuosa co medio ambiente e cun entorno privilexiado”. Ademais, o responsable da área de Transición Ecolóxica fixo fincapé en que “para o Concello de Lugo é clave a posta en valor destas rutas estratéxicas, de cara á favorecer a promoción do noso patrimonio natural ao tempo que se presta á cidadanía alternativa de ocio nuns sendeiros moi empregados para o sendeirismo, o ciclismo e incluso as rutas a caballo”. A previsión é que o acondicionamento destas cinco rutas estea rematada

ao longo deste mes. De feito, se está á espera de botar saburra nalgúns destes sendeiros, para o que é necesario varias xornadas sen chuvia. Isto débese a que nalgúns casos houbo que cambiar ou instalar tubos de drenaxe, que son cubertos coa saburra, e posteriormente coa pasarela de madeira, sobre ás que se grampa a malla plástica.

As rutas nas que se está a actuar na actualidade son: “As ribeiras altas, río arriba”, de máis de 10 quilómetros, e que une a ponte romana coa vella elevadora, en ámbalas marxes; “Miño aberto, río abaixo”, que percorre a mesma ponte, o Balneario, O Muíño e As Pedreiras, cunha lonxitude duns 2,7 quilómetros; a ruta do “vello Lugo agrario”, que ao longo duns 4,5 quilómetros chega ata Santa Eulalia de Bóveda; o sendeiro que vai do Miño a Chamoso, coñecida como o “paseo do Miño”, cunha distancia de 7,5 quilómetros, e a ruta de Ombreiro que vai ata estación depuradora, de case 5 quilómetros, cuxa actuación xa está rematada.

Precisamente esta última ruta é unha das que precisou unha maior intervención, xa que as súas pasarelas presentaban un estado moi deteriorado polas crecidas do río.

O Centro de Recuperación de Fauna Silvestre do Veral foi renovado

A directora xeral de Patrimonio Natural, Marisol Díaz, visitou o Centro de Recuperación de Fauna Silvestre (CRFS) do Veral, en Lugo, onde puxo en valor o traballo que realiza o seu persoal no coidado e restablecemento dos animais salvaxes autóctonos da provincia que non están en condicións de subsistir por si mesmos no medio natural.

Díaz comprobou o resultado das

obras de renovación do centro, cun investimento de preto de 550.000 euros. As actuacións supuxeron a construción dun novo edificio que permite conectar todas as dependencias destinadas aos animais e, en paralelo, mellorar as estancias nas que se atopan os servizos administrativos.

A estrutura do inmobile repártese en dous módulos, un administrativo

no que se realizara a recepción dos animais, o tratamento e a atención veterinaria, e outro para a recuperación dos exemplares.

O módulo de recuperación conta cunha cámara para mamíferos, catro cámaras de voo de aves, seis azoeriras, tres salas de mudas, tres para aves nocturnas, un almacén, unha sala de necropsias, un túnel de voo e piscinas de aves peláxicas.

ASOCIACIÓN DE SANTALLA DE LAMAS

“Todos os veciños colaboramos e os que veñen a vivir aquí tamén”

Uns 100 socios compoñen o colectivo, que suma máis de dúas décadas de vida

Lucía Blanco

A asociación da parroquia de Santalla de Lamas, en Lugo, conta con máis de dúas décadas de historia, nas que grazas á colaboración dos veciños lograron dinamizar a vida cultural e fomentar as unións neste núcleo de poboación. Manuel Rodríguez foi o fundador do colectivo alá polo ano 2001 cando os tempos eran outros. “Botou a andar grazas a el. Estivo 19 anos de presidente, foi o que impulsou todo e deu moito do seu tempo pola asociación nun momento ben distinto cando era máis complicado porque agora todo se fai por correo ou mensaxe”, conta Ana María López, que lle tomou o relevo á fronte do colectivo, que suma xa uns 100 socios.

“Cóntanse por casas, pero hai xente de fóra da parroquia que se asociou e xente que está vindo para aquí e tamén se une”. Aínda que hai moitos maiores, intentan tamén chegar aos máis novos coas súas propostas. “Por exemplo, facemos o Lume Novo, o magosto e o Entroido que un día é para os nenos e imos polo pobo todos disfrazados e outro día organizamos a nosa comida. Intentamos sempre inculcarlles aos cativos a importancia da asociación”. Agora preparan as festas do San Roque que celebran o 23 e 24 de agosto. Comezan con churrascada popular e verbena da man do grupo Rubí, mentres que o sábado terán misa solemne, sesión vermú co trío Mar de Caión,

que tamén amenizará a verbena. En Lamas tampouco esquecen as tradicións e apostan por manter vivas as citas con máis arraigo na zona como é a festa de Santa Eulalia, que lograron recuperar. “Levaba 80 anos sen celebrarse e levámola organizando nós uns 7 anos, sen contar o parón pola pandemia, sempre no mes de febreiro”. A participación en todas as súas xuntanzas deixa moi bo sabor de boca: “Os veciños sempre se animan, normalmente xuntamos máis de 40 persoas”, di. Xunto coas xuntanzas e romarías, os cursos e obradoiros protagonizan o calendario desta parroquia lucense. “Este ano tivemos restauración de mobles, pilates e pandeireta, que creo que foi o que máis gustou. De feito unha veciña de aquí compuxo unha canción sobre Lamas”. Pero programalos non resulta doado, reconece. “É complicado polo tema dos horarios. Por exemplo, pilates puidémolo poñer pola noite porque se non a xente que traballa ás catro

da tarde non pode ir pero intentamos axeitarnos tamén á xente traballadora”.

En canto ás necesidades da parroquia, séntense escoitados polos membros do Concello e da corporación municipal. “Cando os invitamos ás comidas que organizamos aproveitamos para trasladar as nosas demandas, como poden ser os arranxos dos camiños e vannos axudando todos, non nos decantamos por ningún porque o importante é mirar polo pobo”. O traballo de estar na asociación, preparar as xuntanzas e velar polo pobo asegura que non é pouco.

“Tes que sacar tempo libre e de estar coa familia. Eu por exemplo ademais de ser a presidenta estou tamén na comisión de festas porque se non hai alguén que tire malo. Manuel loitou moitos anos pola asociación e non podemos deixar que se desborde”. Porén, o esforzo paga a pena nunha parroquia como a súa, que é moi unida. “Todos facemos por todos. Por exemplo, temos unha fonte á que vén moita xente por auga e encargámonos de limpala, de rozar e de tela ben. Colaboramos e xantámonos e o que máis me gusta é que a xente que se veu a vivir aquí tamén se fixo socia e animanse a participar”, conclúe.



erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

A MAXIA DAS PARROQUIAS

Santa María Alta

Os muíños, os cruceiros e a igrexa do século XVII conforman o patrimonio deste núcleo

A menos duns 20 quilómetros da cidade de Lugo, atópase a parroquia de Santa María Alta. Conservan en moi bo estado a igrexa parroquial do século XVII, aínda que presenta unha portada que se engadiu posteriormente, no século XX. É unha igrexa irregular debido ao gran volumen da sancristía que se encontra adosada á nave do edificio relixioso de planta rectangular cunha cuberta a dúas augas. Presenta unha silería de pedra, que queda á vista na fachada, mentres que o resto de panos están recocados e a cuberta é de lousa.

A fachada remata en dúas piñas de estilo renacentista e está coroada por unha espadana de

dous vanos oxivais para o corpo de campás, sobre os que se atopa un óculo. Como noutros moitos núcleos de poboacións, os cruceiros forman parte do patrimonio desta parroquia. Entre eles, atópase o centenario cruceiro de Marcoi. A peza, que data do 1898, está situado directamente sobre una pedra irregular e presenta un fuste octogonal rematado nos extremos de forma cuadrangular e un capitel con forma de pirámide invertida truncada.

En Marcoi tamén se pode contemplar un hórreo mixto, de pedra e madeira e planta rectangular, elevado sobre unha alta soleira maciza de mampostería de granito. Presenta unha



cámara de dous claros, columnas de granito e os laterais péchanse con listóns de madeira dispostos verticalmente. O tornarratos, de cantería e perfil rectangular, percorre todo o seu perímetro, e a cuberta é a dúas augas, sen remates decorativos.

Outro dos elementos que nos remonta ao pasado do lugar é o muíño de Vilariño no regato Fondaveila. Conta cunha planta rectangular en cachotería de pedra e Tellado de lousa que tapa da choiva as adarajas destinados aos sacos de gran e fariñas. No regato de Portacorbelles tamén se encontraba outro muíño de pequenas dimensións e planta baixa, de forma rectangular e cuberta a dúas augas.



tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374



O PP acusa ao Concello de atrasos no ERRP nos barrios Milagrosa e Feijóo

Elena Candia condenou “a falta de dilixencia do goberno local de Lugo por non delimitar en prazo o Entorno Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP) dos barrios da Milagrosa e Feijóo” porque “pode supoñer que os veciños e veciñas non poidan acceder a axudas europeas para a rehabilitación de vivendas”.

Así o manifestou a voceira do Grupo Popular dende o barrio da Milagrosa xunto a concelleiros, deputados nacionais e senadores que veñen de rexistrar no Congreso e no Senado iniciativas solicitando ao Goberno de Pedro Sánchez que amplíe a dotación orzamentaria e o prazo de execución das obras.

A deputada lucense Cristina Abades explicou que “o Real Decreto 853/2021 que regula os programas de axudas en materia de rehabilitación residencial recollía o deber dos Concellos de delimitar os Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada”; pero “o Concello de Lugo non cumpriu” porque “non tiña delimitado o dos barrios da Milagrosa e Feijóo en prazo, antes do 19 de outubro de 2022”.

Polo tanto, “é moi difícil que os veciños poidan acceder a estes fondos europeos, a menos que o Goberno de España amplíe a dotación orzamentaria e o prazo para executar as actuacións”.

Candia lembrou que “os distintos gobernos do PSOE en Lugo levan prometendo dende o 2011 a rehabilitación dos barrios da Milagrosa e Feijóo; pero desaproveitaron a ocasión cando si delimitaron o ERRP no casco histórico da cidade en prazo para optar ás axudas europeas”.

É máis, “a alcaldesa anunciaba dous días despois a contratación dos traballos para declarar estes barrios como ERRP e non aprobaron a delimitación ata maio deste ano”, explicou Ramón Cabarcos.

A Xunta de Galicia mantén aberto ata o 13 de setembro o prazo para solicitar tres liñas de axudas para a mellora da eficiencia enerxética, financiadas con fondos europeos do programa Next Generation UE, en vivendas, en edificios de vivendas, para a elaboración do libro do edificio e a redacción de proxectos de rehabilitación.

Activado o proceso para rematar a peonalización de Recatelo

O Goberno de Lugo aprobou iniciar o procedemento de contratación da renovación integral do Carril dos Loureiros, un proxecto que a Tenencia de Alcaldía executará co obxectivo de “avanzar na mellora do barrio de Recatelo despois de peonalizar practicamente todas as súas rúas”, explicou Rubén Arroxo. O Tenente Alcalde lembrou que desde a área de Mobilidade e Infraestruturas se mantiveron distintas xuntanzas con veciñas e veciños da zona “para contar co consenso da veciñanza á hora de elaborar o proxecto, atendendo ás necesidades da xente que reside na zona para crear un novo espazo útil”.

O proxecto elaborado pola área de Mobilidade contempla a conversión desta rúa nunha plataforma única de preferencia peonil, mantendo o acceso a vehículos a baixa velocidade para residentes e carga e descarga.



A renovación da rúa inclúe tamén a renovación dos servizos soterrados, como o abastecemento ou o saneamento, e a creación de novas zonas verdes para, segundo explicou Rubén Arroxo, “facilitar que haxa zonas de sombra ao longo da rúa”. Ademais, o Goberno de Lugo avanzará na instalación de alumado LED. A área de Mobilidade aprobou o procedemento de contratación para

esta obra, con previsión de iniciar os traballos despois das festas do San Froilán, “reducindo así as molestias á veciñanza nas datas de maior afluencia en Recatelo”, afirmou Arroxo, que engadiu “con esta actuación, Recatelo consolídase como unha importante zona de paseo entre o centro e o Parque de Rosalía, ao mesmo tempo que melloramos os servizos e a calidade de vida da veciñanza”.



Piden a mellora do firme na rúa Divina Pastora

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa pide que se repare o pavimento e o debuxo con forma de estrela do mesmo da rúa Divina Pastora de Lugo. O colectivo, integrado na Federación provincial de Asociacións Veciñais “Lucus Augusti” de Lugo, dirixese á Concellería de Mobilidade e Infraestruturas do Concello de Lugo coa petición que retoman pois xa a realizaron fai practicamente un ano, concretamente, o 28 de xullo do 2023.

Asegura que a petición non foi atendida polos representantes públicos con competencia directa nesta materia.

Lembran que se trata dunha zona frecuentada diariamente por multitude de viandantes, veciños e veciñas, turistas que gozan das terrazas, e tamén, en época escolar, por estudantes e, en moitos casos tamén, avós dos mesmos que, sendo persoas de avanzada idade nalgúns ca-

sos, corren serio risco de sufrir algún contratempo motivado polas malas condicións do pavimento, ao acudir a recoller aos seus netos.

Así mesmo, solicitan tamén que se acometan as pequenas reparacións e limpeza necesaria nos bancos de pedra da propia Praza da Milagrosa. Aseguran que a época estival é a máis propicia para acometer este tipo de obras, xa que ao atoparnos en meses de vacacións escolares e ser esta unha zona frecuentada por estudantes, é nestes meses cando a praza se atopa menos masificada de transeúntes.

Así mesmo, matizan tamén que as obras solicitadas requiren escaso desembolso económico. Queren facer fincapé, ademais, no feito de que recentemente, desde a propia Concellería de Mobilidade e Infraestruturas instábase á cidadanía para facer peticións de melloras necesarias para os diferentes barrios da cidade.

Recuperarán a praza do Castiñeiro de Lugo cun novo mural

O Concello de Lugo está a traballar na futura humanización e recuperación da Praza do Castiñeiro, un proxecto que se levará a cabo con varias actuacións, pero cunha intervención principal como é o novo mural que presidirá este espazo público. A actualización desta praza, punto neuráxico do barrio do Castiñeiro, será realizada por artistas locais que atesouran un contrastado recoñecemento internacional, como son Diego As e Concepto Circo, composto por Yoe 33 e Marcos Pareira. Para acometer esta intervención artística será necesaria a retirada previa da pintura antiga, moi deteriorada polos anos e polo uso de balóns, e se apostará por ese novo deseño que convivirá co Einstein da parte esquerda do muro, que se mantén. A humanización da praza se fará integrando varios elementos e inmobles no citado deseño, como poden ser a canastra de baloncesto ou o centro coñecido como Punto Xuvenil, onde se realizan varias actividades sociais. Completan o proxecto de recuperación e posta en valor desta gran praza pública a limpeza da mesma, principalmente das bancadas e escaleiras de formigón, así como a zona máis elevada situada fronte ao mural, a modo de escenario. LuceLugo será a encargada de desenvolver estes labores de limpeza antes de iniciar o novo deseño artístico.



Comeza o proceso de contratación para renovar as vías na Garaballa

Comeza o proceso de contratación para renovar as vías públicas na zona da Garaballa, unha actuación que permitirá “mellorar os accesos ao barrio desde a avenida Infanta Elena e a vía principal do barrio, creando tamén novas beirarrúas para os peóns”, indicou Rubén Arroso. Trátase dunha actuación que, segundo explicou o Tenente Alcalde, “permitirá mellorar a seguridade viaria da zona e renovar un asfalto que en distintas zonas está deteriorado”.

Xunto coa renovación do pavimento e a construción da beirarrúa, crearanse sumidoiros e sistemas para a drenaxe das augas pluviais, que se unirán ás instalacións actuais da rede, renovaranse a sinalización horizontal e vertical, adaptándoa á nova distribución da rúa, e, en coordinación coas empresas de electricidade e telecomunicacións, desprazaranse os postes que obstaculizan o tránsito, para facilitar a continuidade do itinerario peonil. Os traballos, que veñen de saír a licitación, contan cun orzamento base de 71.760,53 euros e un prazo de execución de 10 semanas. As empresas poderán presentar as súas ofertas ata o vindeiro día 23 de xullo.

Rubén Arroso destacou “o esforzo” que a Tenencia de Alcaldía realiza para atender ás distintas zonas periurbanas de Lugo, e explicou que “barrios como as Gándaras ou galegos recibiron nestes anos unha serie de investimentos importantes que melloraron enormemente a calidade de vida da veciñanza, con actuacións tanto nas rúas e beirarrúas como renovando o alumbeado público”. Segundo Rubén Arroso, “seguimos traballando para actuar en todos os barrios e vías da cidade, tanto con actuacións pequenas como eliminación de fochancas ou renovación



de treitos de beirarrúa, como actuacións integrais como a que plantexamos na Garaballa”.

CAMIÑO DE ROMAI. Realizáronse múltiples traballos ao longo da cidade para mellorar espazos públicos, buscando mellorar a accesibilidade e a imaxe de distintas zonas.

Actuaron no Camiño de Romai, onde se lle deu continuidade á beirarrúa unindo dous treitos a distinta aliñación, creando unha solución que da continuidade ao pavimento e evita molestias á veciñanza da zona. Na rúa Río Lea, renovouse un treito de beirarrúa de formigón que ata o de agora non contaba cunha superficie regular, instalando unha nova capa de formigón reforzado con fibras estruturais, unha solución similar á executada na rúa da Industria. A estes traballos súmase a actuación executada na rúa Cova da Serpe, onde se renovou unha varanda, o que garante a seguridade e a accesibilidade nunha rúa cunha pendente elevada.

A concellería de Infraestruturas tamén traballou na renovación do asfalto de San Fiz. O Goberno renovará o asfalto da corredoira entre as vivendas 23, 22 e 19, a pista de acceso

ao Camiño da Igrexa, 32, o camiño da Costa, a pista de acceso á Igrexa, a pista de acceso aos chalés, o acceso á Tolda e a rúa das Laxes.

ASFALTADO. O Goberno de Lugo continúa a traballar na renovación do asfalto de 3 vías da zona norte da cidade. Alexandre Penas, concelleiro responsable de Infraestruturas Urbanas, explicou que seguen a traballar “nas zonas urbanas e periurbanas de Lugo cunha nova actuación que permitirá renovar o firme de tres vías cun importante desgaste debido ao intenso uso”.

Renovarán o asfalto da avenida Breogán, no treito que a une coa N-VI, a rúa Santo Graal, entre o número 159 e a vía de servizo da N-VI e a rúa Salvia, construíndo unha nova capa de rodadura para o tráfico rodado baseada en mestura asfáltica en quente, que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, ademais da reconstrución do firme en todo o seu espesor, para evitar novos defectos que afecten á capa de rodadura. Renovarase tamén a sinalización horizontal.

Os traballos foron adjudicados por 41.447,99 euros, e contan cun prazo de execución de 5 semanas.

A EDAR reduce o seu consumo ambiental

A Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) da cidade fai balance dos avances acadados polas melloras da eficiencia enerxética da instalación, financiadas polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, que consume un 79% menos de enerxía (minorou o seu consumo 1.594.320 kWh ao ano) e reduce as emisións de CO2 anuais en 830 toneladas.

As características e vantaxes ambientais desta infraestrutura converten a Lugo nun referente na xestión sostible do ciclo integral da auga.

A EDAR de Lugo, que iniciou as súas operacións en 2011 tras un investimento de 44,5 millóns de

euros, está deseñada para atender un volume equivalente a 200.000 habitantes, incluíndo tanto á poboación urbana como ás verteduras industriais. A planta non só asegura a calidade da auga que se devolve ao río Miño, senón que tamén incorpora tecnoloxías avanzadas para a recuperación de augas e a eliminación de contaminantes emerxentes.

“A capacidade da EDAR para tratar ata 24 millóns de metros cúbicos de auga residual ao ano e eliminar máis de 10.000 quilos de contaminación diariamente, reflicte o alto nivel de eficiencia e responsabilidade ambiental das infraestruturas desenvolvidas polo Goberno local”, engadiu Alvarelos.

O PP pídelo ao Goberno local que ceda os terreos para a nova comisaría da Policía

Na última reunión balance de senadores, na que se analizaron proxectos prioritarios para Lugo, o PP anuncia que non descarta pedir un pleno extraordinario para que o Goberno local ceda os terreos necesarios para a nova Comisaría da Policía Nacional en Lugo.

Esta proposta xurde logo de que tanto no Ministerio como no pleno municipal o PSOE e o BNG respondesen “con vaguidades e sen entrar no fondo nin dar datos concretos” sobre a situación do proxecto. A voceira popular explicou que hai orzamento para construír esta infraestrutura e hai un compromiso da alcaldesa do pasado mes de febreiro no que elixía

como localización para construír esta infraestrutura a zona norte.

A popular desvelou que Concello e Goberno central discuten se un decreto de alcaldía é suficiente para garantir a cesión das parcelas necesarias ou, polo contrario, se precisa un acordo de pleno, de aí que hoxe puxesen sobre a mesa a petición de pedir unha sesión extraordinario. Elena Candia explicou que o Partido Popular asumiu o compromiso de liderar o impulso desta dotación lembrando as diferentes iniciativas que se presentaron de xeito coordinado tanto no Congreso, no Senado así como no pleno do concello de Lugo.

HAMBURGUESAS GOURMET
(Cachena, Porco Ceito...)

ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

& BRAIS

MENÚ DEL DÍA 12 €

Rafael de Vega, 10 bajo
Tel. 982 59 38 92 LUGO

NUEVA CARTA ¡Visítanos!

- DESAYUNOS
- RACIONES
- PLATOS COMBINADOS
- COMIDAS A LA CARTA

TODOS LOS PARTIDOS de FÚTBOL y C.E. Breogán S.A.D.

Chegar e encher de:

- FRONTERA
- OLIVATEIRÍA
- CONXELADOS
- ASADOS DE PORCOS COBILLOS
- PANADERÍA

B Brais CARNICERÍA

PRODUCCIÓN PROPIA, EXCLUSIVIDADE EN TENREIRA CACHEÑA

Servimos a:

- HOSTELERÍA
- COLEXIOS
- DOMICILIO

PREPARACIÓN CALEDO E UEDAS CALEDO PARA CONXELADO

Éche o que hai!!!

- TENDA GOURMET
- DOCEGA
- PETISCOS
- DELICIAESSEN
- PRODUTOS
- CALEDAE PREMIADA

Rúa Montero Ríos, 40 Baixo - Tel. 982 872 180 LUGO

i Sono artesano!

Pan artesano 100% con masa madre

Milano Propio

PANADERÍA · PASTELERÍA

O PAN DO PAIS

CAFETERÍA

982 24 02 35



Comeza a reconstrución do muro de Frai Plácido Rei Lemos

Rubén Arroxo mantivo un encontro con veciñas e veciños da contorna da rúa Frai Plácido Rei Lemos para presentar o proxecto de reconstrución do muro unha vez se iniciaron os traballos. A finais de 2022, o Goberno de Lugo procedeu a apuntalar despois de que os servizos técnicos do Concello de Lugo revisaran o desgaste da infraestrutura durante máis de 15 anos, e comezouse a elaboración dun proxecto de renovación integral deste muro que mellora a imaxe e a integración paisaxística da zona, ao mesmo tempo que se eliminaron as barreiras arquitectónicas.

“Decidiuse que era o momento de actuar antes de que o mal estado do muro continuase”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “coa reconstrución integral desta estrutura aplicamos un gran número de melloras con respecto ao estado anterior deste muro”. A actuación foi adjudicada por 747.862,97 euros, conta cun prazo de execución de 10 meses. O proxecto que se está a executar reducirá as cotas existentes entre a rúa Frai Plácido Rei Lemos e o Parque de Rosalía. “Crearemos un percorri-

do accesible para todas as persoas, creando unha rampla na fronte do muro, na zona que parte do final do Paseo Vila de Foz, que remate na rúa Cidade de Viveiro, conectando o barrio de Recatelo co Parque sen barreiras arquitectónicas, avanzando nunha cidade máis accesible para todas as persoas”, declarou o Tenente Alcalde.

No primeiro dos bancais, o máis próximo á rúa Frai Plácido Rei Lemos, propónse unha zona completamente axardinada, “creando unha nova zona verde na cidade para o desfrute de toda a veciñanza, e avanzando no obxectivo de crear un gran pulmón verde nas rúas de Lugo, reducindo a temperatura do pavimento especialmente nos días de máis calor”, afirmou Rubén Arroxo. No segundo dos bancais construírse unha praza con árbores, plantexada como un pequeno espazo de descanso para a veciñanza. Este bancal permitirá dar unha imaxe máis orgánica ao conxunto ao mesmo tempo que consigue unha mellor integración do muro coa contorna e reduce o impacto paisaxístico.

Concurso de ideas da Xunta para a contorna do Pazo de Dona Urraca

A Xunta segue a dar pasos para a “seguir reactivando” o barrio da Tinería no casco histórico de Lugo. A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, asinou a compra dun novo inmoble na Rúa Miño que completa a mazá da UI8 e que trala aprobación do convenio por parte do Concello permitirá o desenvolvemento urbanístico deste espazo no que se sitúa o Pazo de Dona Urraca.

O inmoble adquirido, por un orzamento de 180.000 euros, sitúase no número 19 da citada rúa e data de 1880. Cabe sinalar que no pasado ano, a Xunta xa mercara o edificio do número 21 desta rúa do Miño, ambos situados detrás do Pazo de Dona Urraca. Agora, trala aprobación por parte do Concello do convenio urbanístico para desenvolver a contorna do edificio medieval, a Administración autonómica tramitará, como subliñou a conselleira, o Plan Especial para desenvolver urbanisticamente e poñer en valor esta UI8 na que están situados todos os inmobles.

Deste xeito, a Xunta convocará un concurso de ideas para redactar de forma conxunta todas as actuacións incluídas no ámbito, tanto a redacción do Plan Especial como a dos proxectos de rehabilitación, obra



nova e urbanización. A licitación dos proxectos será no último trimestre deste ano.

Pola súa parte, ao Concello de Lugo correspóndelle expropiar as edificacións e parcelas que se inclúen no Plan Especial que non son de titularidade do IGVS. “Deste xeito -apuntou a conselleira-, unha vez a Xunta teña os terreos dispoñibles, cos proxectos redactados, o IGVS licitará a execución das obras”. No caso do Pazo de Dona Urraca, a Xunta ten un proxecto redactado para a súa rehabilitación, que se tramita dentro do conxunto do Plan Especial.

A Xunta de Goberno Local aprobou o texto do convenio para o desenvolvemento da urbanización e a recuperación do pazo de Dona Urraca. Os termos do convenio, que non se modifica en relación ao borra-

dor xa acordado entre ambas as dúas administracións, inclúe, como compromisos do organismo dependente da Xunta, a redacción e solcitude dos proxectos das obras de demolición, rehabilitación e nova construción das edificacións que se inclúen no espazo da actuación, así como a urbanización da mesma na súa totalidade. Ademais formulará e executará o proxecto de escavación arqueolóxica, que deberá levarse a cabo como paso previo a calquera outra actuación e que quedará ao disposto das determinacións de Patrimonio.

Pola súa parte, o Concello acadará a titularidade de varias edificacións para que se incorporen ao resto de soares da unidade UI8 que xa son titularidade do IGVS co fin de favorecer un mellor desenvolvemento.

Lugo Monumental critica a paralización das obras no centro da cidade

“As obras da rúa Montevideo-Bolaño Rivadeneira están a retardarse e ameazan cunha posible paralización, como xa ocorreu coas de Santo Domingo”, así o afirma Lugo Monumental, que comprobou neste último mes que se está reducindo o ritmo do avance e aprecian xa que non hai traballadores en gran parte da obra.

“Nesta ocasión non hai, ata onde saibamos, redeseño do proxecto polo que non cabe escusa algunha para a redución do ritmo de traballo nuns días en que xustamente tería que ocorrer o contrario, xa que non chove e a climatoloxía é boa”, indican.

En días pasados a asociación contabilizou ao redor de 14 ou 15 traballadores diarios, mentres que onte só había un tapando xuntas das laxes postas en semanas anteriores, e dúas máis retirando ou

recolocando material. Outros catro traballadores en Amor Meilán están a poñer laxes na devandita rúa. “O preocupante é que nesta época do ano é cando os traballos terían que avanzar a maior velocidade, xa que non chove”.

A obra tiña que estar terminada o 11 de febreiro deste ano, e recibiu unha primeira prórroga que situaba a súa finalización o 10 de xuño. Uns días antes de dita data aprobouse unha nova prórroga ata o día 5 de setembro “que, obviamente, non se cumprirá”.

“Os establecementos situados na zona están a sufrir unha importantísima caída de facturación e a dilación inxustificada dos traballos pode ameazar incluso a viabilidade dalgúns deles, sobre todo se, como todo empeza a apuntar, chégase á campaña de Nadal coas rúas levantadas e un ano de atraso nas obras”, subliñan.

Demandan máis investimento no barrio da Residencia

A asociación de veciños da Residencia e o PP demandan máis investimento municipal no barrio logo de explicar nunha reunión informativa, coa que dan continuidade aos encontros veciñais e á súa escoita activa, o inminente comezo das obras pendentes por parte do Concello que son un compromiso adquirido dende o 2018. Os populares consideran a obra anunciada é “insuficiente” porque “queda sen mellorar unha importante parte” da contorna da área cos novos servizos no barrio da Residencia; de feito, esquecen a rúa Poeta Crecente Vega”.

Ámbolos dous demandan, igualmente, que se cumpran os compromisos que se asumiron por parte do goberno local co barrio: avanzar na nova Comisaría, “da que nada se soubo logo do anuncio de febreiro”. Sobre este punto, os representantes do PP informaron que levarán unha pregunta a pleno para obrigar ao goberno local a dar resposta. O barrio tamén demanda reformar e cubrir o parque infantil, a creación dun parque biosaudable e melloras en rúas.

TE AYUDAMOS A CUIDAR TU SALUD

En Verxel Herbolario te ofrecemos tratamientos y productos de alta calidad que contribuyen a mejorar la salud.

El objetivo de los dispositivos Bemer es aumentar la restricción de los vasos sanguíneos arteriales precapilares pequeños y muy pequeños. El resultado es una mejor distribución de la sangre en la red capilar.

Bemer es una aplicación capaz de ejercer un efecto controlado y específico sobre los vasos sanguíneos o partes del sistema vascular.



El efecto no se consigue con una sustancia química o biológica, sino con un método físico. Bemer utiliza un campo magnético pulsado para introducir una configuración de señal especial y patentada en el cuerpo del usuario con el fin de mejorar un riego sanguíneo deficiente de los vasos pequeños y los microvasos. El efecto de los dispositivos BEMER está científicamente probado.

¡Venga a probarlo!

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo
Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es
www.verxel.es



O Concello pedirá unha axuda para un aparcadoiro en Fontiñas

A área socialista do Goberno local instará formalmente a través do pleno á Xunta de Galicia a que contribúa ao incremento do número de prazas de estacionamento gratuito na cidade. Deste xeito, a proposta reclama á Administración autonómica executar un novo aparcadoiro no barrio de Fontiñas, tomando en consideración as opcións de localización propostas polo Concello de Lugo, tal é como a alcaldesa Paula Alvarellos solicitoulle ao presidente Rueda na xuntanza mantida o pasado nove de xullo.

“Existe un compromiso non cumprido por parte do Goberno autonómico con Lugo e os e as lucenses, xa que no Consello da Xunta celebrado na nosa cidade en marzo de 2022, o entón presidente, Alberto Núñez Feijóo, comprometeu a lo menos 6 millóns de euros para abordar necesidades de mobilidade na nosa cidade. A día de hoxe, destes proxectos pouco ou nada se sabe. A única obra que se atopa en execución é a do aparcadoiro disuasorio na aveni-



da Breogán cuxo valor non chega ao 17% do importe total comprometido. Polo que é necesario que parte dese financiamento sen executar repercute nas necesidades reais de mobilidade da cidade cubrindo a carestía de aparcadoiros na contorna do barrio de Fontiñas”, sinalou a voceira Ana González Abelleira.

Ademais, o Executivo de Paula Alvarellos reclama impulsar un convenio coa Confraría do Carme para executar un aparcadoiro na traseira da súa capela en condicións similares

ao acordo establecido con esta entidade antes da renuncia unilateral da mesma ao financiamento municipal. Así mesmo, a voceira municipal fixo fincapé na necesidade de abrir en horario de tarde e durante as fins de semana os aparcadoiros das dotacións públicas de titularidade autonómica na contorna do Centro Histórico. “O labor da Xunta non debe limitarse a esta necesaria intervención no barrio de Fontiñas ou a recuperación do convenio coa Confraría do Carme.

Amplían o leito do río Rato ao seu paso pola rúa Serra de Meira

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, acompañada polo presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, José Antonio Quiroga, e o edil de Transición Ecolóxica, Miguel Fernández, supervisou o inicio dos traballos de ampliación do leito do río Rato ao seu paso pola rúa Serra de Meira. Esta mellora, que leva a cabo a CHMS en convenio co Concello, permitirá minimizar o risco de desbordamento do río nesta contorna do barrio das Gándaras.

A intervención que se está levando a cabo abordará a limpeza, adecuación e ampliación do leito nunha anchura duns dous metros, co obxectivo de incrementar a súa capacidade de desaugadoiro nun tramo de 165 metros lineais augas arriba do emboque do soterramento do río.



Dentro desta mellora, entre outras actuacións, está prevista a demolición do muro actualmente existente na marxe dereita do río, desmontando previamente a cantería que o recubre, que será reutilizada para a execución dun novo tramo de muro desprazado dous

metros con respecto á posición do actual. Os traballos afectan a cinco terreos cunha superficie total de 1.335 metros cadrados, dos que 329 afectaranse de forma permanente mentres que os 867 metros cadrados restantes ocuparanse de maneira temporal.

EN BREVE



PARQUE INFANTIL. Entrou en funcionamento o novo parque infantil situado na rúa Gallego Tato, no corazón do barrio da Piringalla. Esta instalación foi sometida a unha renovación integral.



BARRIO DA RESIDENCIA. Comezaron os traballos de reurbanización na contorna do Centro Integral de Saúde da Residencia. Os traballos servirán para renovar e ampliar as beirarrúas nas vías adxacentes ao complexo administrativo e dotar a zona dun novo sistema de alumeadado público.



CANIL. O canil de Frigsa está aberto de novo logo dunha reforma integral deste recinto, de case 1.200 metros cadrados, que permitiu a instalación dun circuito *agility*, composto de balancín, slalom e túnel para o lecer e adestramento dos animais, con zona de lavado e peiteado para mascotas.



ÁRBORES. O Concello completou a reposición de 185 exemplares arbóreos en diferentes puntos, tanto en rúas como en parques e espazos verdes. Estas árbores foron replantadas en substitución dos exemplares secos da mesma especie, deteriorados, ou que foron retirados.



CLÍNICA DENTAL, ORTODONCIA Y CIRURÍA MAXILOFACIAL

EQUIPO MÉDICO

- Dr. Santiago Pose Rodríguez**
Médico Odontólogo Especialista en Prótesis y Oclusión
- Dra. Alejandra Boirazian Martino**
Odontóloga Especialista en Ortodoncia
- Dra. Julieta Pose Boirazian**
Odontóloga Especialista en Ortodoncia
- Dra. Inés Vázquez Rodríguez**
Odontóloga - Cirugía Oral
- Dr. Carlos de la Fuente Vázquez**
Médico Especialista en Cirugía Oral y Maxilofacial

CITA PREVIA

T. 982 298 406
M. 616 753 014

Consulta en:
QuirónSalud Lugo
Montevideo 23, Lugo

O PP pide un Plan de contención para reducir o gasto e non subir os impostos

O PP pide un Plan de contención para reducir o gasto innecesario e mellorar o mantemento dos centros educativos. Os populares tamén reclaman o impulso de infraestruturas como a nova Comisaría da Policía Nacional, urxen a adhesión ao Vio-Gen e defenden varias peticións relativas á mobilidade

Piden ao Goberno local que en vez de subir os impostos se faga un plan de contención para reducir o gasto público. Isto implica unha revisión e redución de gastos superfluos para mellorar a economía municipal sen cargar aumentos nos recibos á veciñanza. Consideran que é preciso “poñer coto ao gasto en instalacións inútiles como as Caldas do Miño e gastos correntes prescindibles como o alugueiro das naves no Corgo para gardar as turbinas da fábrica da luz e os flotadores da praia fluvial”.

Lembran que Concello de Lugo vén de solicitar un crédito de 13,5 millóns de euros para facer investimentos o que supón un “endebedamento moi importante que hipoteca o futuro das contas municipais”. A mellora do mantemento dos centros educativos, que é unha competencia municipal, centrará o debate doutra proposición do PP.

Galicia Baleira reclama á Xunta a gratuidade da televisión nos hospitais públicos

Desde a Plataforma Galicia Baleira solicitaron á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, a gratuidade do servizo de televisión nas habitacións do 100 % dos hospitais públicos de Galicia.

A este respecto, consideran “pouco razoable” que durante un ingreso hospitalario en calquera dos hospitais públicos o/a paciente ou os seus familiares deban abonar como un servizo extra e do seu propio peto o servizo de televisión na habitación, xa que é necesaria a adquisición dunha tarxeta e abono por horas deste servizo nas habitacións.

Neste sentido, defenden tamén que o mantemento dos hospitais públicos faise a través dos impostos dos contribuíntes; e, por tanto, “resulta lóxico e esixible que estes dispoñan dos mellores medios e equipamentos técnicos e humanos, á vez que sexan dotados dos servizos oportunos para facer máis levadía a estancia hospitalaria”.

Máis de 50 puntos terán alumeado no San Froilán

A Tenencia de Alcaldía iniciou o procedemento para contratar a iluminación ornamental para as festas do San Froilán e do Nadal do 2024. O tenente alcalde, Rubén Arroxo, afirmou que “Lugo contou durante as pasadas festas cunha iluminación espectacular a decoración en toda a cidade, este ano renovamos o contrato para seguir dando unha decoración de calidade á gran festa do outono galego e ás datas do Nadal”.

Nas festas do San Froilán ilumináranse máis de 50 puntos da cidade, con preto dun millón de microleds dispostos nas nosas rúas. A empresa deberá realizar un proxecto de co alumeado detallado, mais nos pasados anos contouse con máis

de 200 arcos luminosos, ademais de rótulos, decoración en farolas e teitos luminosos de mínimo 1500 microleds cada un, explicou. No prego deste ano, a área de Cultura solicita un mínimo de 200 arcos luminosos de entre 2.0000 e 4.000 leds, ademais do resto de decoracións

O alumeado de Nadal contou en pasados anos con 778 elementos decorativos e preto dun millón de microleds nas distintas rúas e prazas. Instaláronse con 189 arcos luminosos e distintos elementos ornamentais, entre os que destacou a decoración de 100 farolas ou a colocación de figuras en 3D na praza de Santo Domingo, preto da Praza de Abastos.

ESCOBA DE PLATINO



A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarelos, entregou a Escoba de Platino ao persoal do servizo de limpeza da cidade, nun acto que contou tamén coa presenza de Miguel Fernández, concelleiro de Transición Ecolóxica. O galardón, outorgado pola Asociación Técnica para a Xestión de Residuos, Aseo Urbano e Medio Ambiente (ATEGRUS), recoñeceu a renovación do servizo de recollida de Residuos Sólidos Urbanos (RSU), limpeza viaria e punto limpo.

CCOO denuncia a falta de persoal na Brigada Municipal de Augas

A sección sindical de Comisións Obreiras denuncia a falta de persoal na Brigada Municipal de Augas, de xeito que non está operativa nin as fins de semana nin os festivos. “E tampouco hai empresa, pois quedou deserta a última adjudicación”, suñan. “A situación impide satisfacer as necesidades dunha cidade que recentemente chegou aos 100.000 habitantes censados, como demostran as reiteradas incidencias”, engaden. O cadro de persoal da brigada está formado por seis peóns, un oficial e un encargado. Destes oito integrantes, tres están de vacacións, un de

baixa médica e outro con funcións restrinxidas. A cidadanía luguesa é a gran prexudicada pola situación, pero tamén o propio persoal do servizo. O encargado da brigada ten que unha media de 50 chamadas a calquera hora do día, tamén ás noites. Esta dispoñibilidade non é aboada, malia que a súa xornada é de sete horas como a do resto dos traballadores e traballadoras do Concello. Denuncia a discriminación “pois estanse vendo obrigados a denunciar e gañar sentenzas que lles recoñecen a realización de horas extraordinarias ou funcións de superior categoría.



Varias asociacións sen ánimo de lucro utilizarán os locais do CEI-Nodus

Varias asociacións e entidades sen ánimo de lucro lucenses ocuparán locais no CEI-Nodus municipal para que poidan desenvolver os seus programas, co obxectivo de contribuír á dinamización económica do municipio cedidos polo Concello.

Para a cesión destes espazos —catro locais de uso individualizado, así como varias salas e aulas de uso polivalente— abriuse unha convocatoria pública, resultando adjudicatarias as seguintes entidades: a Federación de Asociacións de Ámbito Social de Lugo (FADAS); a Asociación de Xóvenes Empresarios (AJE); a Asociación de Mulleres Empresarias (AELU); e a Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación (ADIS Lugo).

A través da cesión de uso destes espazos a concellería de Dinamización Económica busca, deste xeito, dar soporte ás entidades que levan

a cabo proxectos de fomento, sensibilización, formación, información e asesoramento sobre a cultura emprendedora, a dinamización económica, o aproveitamento de recursos, a posta en valor do territorio, o fomento do emprendemento e a creación de emprego no municipio de Lugo.

Para o acceso a estes locais, as asociacións deberon acreditar unha experiencia mínima de 2 anos desenvolvendo programas ou actividades de fomento, dinamización e promoción económica dentro do termo municipal de Lugo. Así mesmo, xustificaron de maneira rigorosa a necesidade dun local por carecer dun espazo axeitado para o desenvolvemento do seu cometido e presentaron un programa con actividades de carácter continuo ao longo do ano.

A autorización de uso terá unha duración inicial dun ano.

O Concello devolverá á comisión do Castiñeiro a fianza por ocupar a vía

Despois de completar o traballo técnico relativo á valoración de desperfectos tras as festas do Castiñeiro, a fianza será devolta integralmente á comisión organizadora. Do mesmo xeito lembran que este ano foi a única festa que incumpriu os prazos do procedemento á hora de organizar as actividades, malia que desde o Concello sempre se mantén unha postura de “colaboración e flexibilidade” coas comisións de festas dos distintos barrios ante a organización de festas e eventos, como indicaron os concelleiros.

“As festas teñen que cumprir coa Lei de Espectáculos Públicos de Galicia, para o que o Concello precisa que se entregue a documentación

en prazo antes do inicio das actividades”, din. Desde a Tenencia de Alcaldía solicitan á comisión que non traten de culpabilizar ao Concello para esconder a mala praxe e a mala xestión da festa, dado que foron o único evento que non se puido autorizar na súa totalidade por faltar documentación. Ao longo deste ano, foron autorizadas as ocupacións de vía pública e a instalación de espectáculos nas festas das Gándaras, a Ponte, a Piringalla, Bispo Basulto, Montirón, ademais de distintas festas parroquiais e nos lumes novos da noite de San Xoán. Aseguran que a autorización de festas é un procedemento regulado polo.

DEPUTACIÓN

Rueda e Tomé achegan posturas en temas sociais e de turismo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, reuniuse co presidente da Deputación, José Tomé, con quen acordou impulsar a colaboración entre ambas dúas administracións en materia de infraestruturas, servizos sociais, emerxencias e turismo.

Así o explicou nunha rolda de prensa tras a reunión, que cualificou de “constructiva e operativa, na que avanzamos en moitos asuntos”. Con esta xuntanza, remata a rolda de contactos que o titular do Executivo galego comezou o mes pasado co obxectivo de sentar a falar co presidente da Fegamp, cos das catro deputacións e cos alcaldes das grandes cidades cos que non se tiña reunido: Lugo e Vigo.

“É a primeira vez en cinco anos que levo á fronte da Deputación que me reúno co presidente da Xunta. Son encontros que serven para falar, propoñer os diferentes puntos de vista e buscar solucións. Agardo que estas reunións continúen, eu mesmo convidei a Alfonso Rueda a continuar con estas reunións de traballo no Pazo de San Marcos. Ao remate do encontro o Presidente da Deputación entregoulle a Alfonso Rueda como agasallo institucional un exemplar do libro Proxectos para o Hospital de Isabel II, o Instituto de 2ª Ensinanza e a Deputación.

O mandatario provincial e o titular da Xunta acordaron crear grupos de traballo para abordar a transferencia de infraestruturas viarias entre administracións, tendo en conta que a Deputación de Lugo é a que administración provincial que máis quilómetros ten, máis de 4.200km.



En relación á Ronda Leste, Tomé propúxolle a Rueda que a Xunta declare este proxecto como unha obra de interese supramunicipal, ademais de poñer sobre a mesa un trazado alternativo que non afecte ás masas arbóreas nin ao leito e contorna do río Rato, conectándose directamente coa N-VI na gasoleira do Miño.

ESTRADAS. En canto á estrada do Courel, a LU-651, Tomé Roca urxiulle a Rueda o arranxo integral da vía e que se axilice a reparación do treito que se derrubou. O titular da Xunta comprometeuse a licitar este ano esas obras de reparación do treito que se derrubara e darlle continuidade ás obras para “que os cidadáns desta zona da Montaña teñan unha mellor comunicación da que teñen, así que estaremos vixiantes para que se cumpra coa palabra dada”.

Pola súa banda, pediulle a reactivación da VAC Costa Norte, dándolle prioridade á variante de Viveiro “para sacar esa cantidade de tráfico que hoxe atravesamos a diario por esta cidade”. Tomé comprometeuse, así mesmo, pedirle ao Goberno do Es-

tado axilizar a autovía A-74.

Tamén en materia de infraestruturas, o Presidente demandou que se desdobre a autovía Nadelá-Monforte pola súa importancia social. “Rueda amosoume o seu compromiso de traballar nese sentido, dando debido cumprimento ao acordo unánime do Parlamento de Galicia, coa intención de facer chegar esta autovía ata Monforte, algo que resultaría moi beneficioso para a zona sur da provincia”.

Tomé trasladoulle, así mesmo, a súa preocupación polo estado da sanidade pública e sobre o Servizo de Axuda no Fogar coincidiron en que os concellos están asumindo forte cargas orzamentarias para este servizo. Tamén trataron temas máis locais como o campus de Lugo, a creación dun Plan Industrial para Galicia que inclúa melloras para o Porto Seco. Tamén acordaron analizar o financiamento do Consorcio Provincial de Bombeiros da Provincia de Lugo para que se faga dun xeito semellante a Ourense e Tomé pediu acordo entre a Xunta e a Fegamp para a distribución do canon da auga.

O Pleno reclama á Xunta un plan integral de atención sociosanitaria

A Deputación de Lugo reclamará á Xunta de Galicia o deseño dun Plan Integral de Atención Sociosanitaria que garanta o acceso aos servizos sanitarios das persoas maiores e das persoas dependentes, tanto do medio urbano como do rural, residan nos seus domicilios ou en establecementos vencellados á rede asistencial pública ou privada. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de xullo, tras a moción presentada polos socialistas, que foi aprobada por unanimidade cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, explicou que o cambio que propón facer a Xunta ao decreto que regula as condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a maiores “ten un carácter lesivo para os centros de menor tamaño” -como os que compoñen a rede da Deputación- porque a ratio de persoal de enfermería con que obriga a contar resulta máis custoso para os centros pequenos que para os de carácter masificado que propón o Executivo autonómico.

O texto da moción aprobada reclama ademais que o Plan garanta o acceso á carteira de servizos sanitarios de todas as persoas usuarias dos centros da rede asistencial a maiores -residencias, fogares asistenciais ou vivendas comunitarias- de xeito que non se produ-

zan situacións de desigualdade en función da tipoloxía do centro, do seu tamaño o do seu tipo de xestión. Inclúen ademais a demanda do reforzo inmediato dos servizos sanitarios do rural, especialmente no que fai referencia a Atención Primaria; e o reforzo do persoal de enfermaría, así como dos medios materiais necesarios para garantir a atención ou traslado a centros sanitarios dos maiores usuarios de residencias sempre que o precisen. O Pleno tamén sacou adiante outra moción do PSdeG para reclamar á Xunta de Galicia que anule a suba do canon de recollida de lixo anunciada por Sogama o pasado mes de xuño aos concellos. A iniciativa saíu adiante cos votos a favor dos socialistas e do BNG e coa abstención do PP.

EDUCACIÓN. A iniciativa do BNG, e pese ao voto en contra do PP, o pleno provincial reclama á Consellería de Educación que respecte os ratios que estableceu e suspenda os agrupamentos e recortes de persoal previstos nos colexios da Fonsagrada, Alfoz, Baleira, Bóveda, Ribas de Sil, Sober, Bóveda ou Pantón, onde as ANPAS se están mobilizando para manter a calidade.

Tamén durante o último Pleno o alcalde do Incio, Héctor Manuel Corujo González, tomou posesión como deputado provincial do PP en substitución de Carmen José López Pérez.

Captan Fondos Europeos para a modernización dos padróns

A Xunta de Goberno da Deputación aceptou un investimento de máis de 1,2 millóns de euros de Fondos Europeos para desenvolver un novo proxecto que servirá para a modernización dos padróns municipais da provincia. Así o informou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen explicou que o Ministerio de Política Territorial comunicou a súa decisión de conceder á institución provincial 1.260.000€ para desenvolver o proxecto Xeopadrón.

Rivera Capón indicou que estes fondos, que forman parte do Plan

de Recuperación, Transformación e Resiliencia habilitado polo Goberno do Estado, beneficiarán aos 67 concellos da provincia e permitiránlles seguir mellorando o funcionamento dos propios Concellos e prestar así un mellor servizo público aos veciños e veciñas.

“O que imos levar a cabo con esta importante dotación económica é a revisión en profundidade da información que o Instituto Nacional de Estatística ten en cada concello sobre os habitantes empadroados e as súas vivendas”, detallou. “En concreto, poñeremos en marcha un novo

sistema de xestión da información sobre os territorios de ámbito municipal, revisando os datos do padrón que ten cada concello e contrastándoos cos que dispón o Instituto Nacional de Estatística (INE). Deste xeito, o INE contará cunha información depurada, contrastada, veraz e actualizada en relación aos habitantes de cada municipio”, avanzou o Deputado.

Nas súas palabras destacou que “a concesión desta axuda económica vén a demostrar a capacidade que temos dende a Deputación para conseguir fondos da Unión Europea”.

¡YA PUEDES RESERVAR TUS LIBROS DE TEXTO PARA EL PRÓXIMO CURSO!
Admitimos vales de la administración

Librería Troll

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

TEMPO DE VERÁN

“Estabamos na verbena contratando ás orquestras para o ano seguinte”

Especialmente no verán vese o resultado do esforzo de centos de comisións que loitan porque as tradicións non se perdan apoiándose nuns preparativos que comezan moito antes

Lucía Blanco

Ir de porta en porta para xuntar o diñeiro, horas de traballo para pechar o programa, organizar xuntanzas para conseguir financeiro, xestionar as subvencións e meses de planificación cun único obxectivo: que os veciños e veciñas poidan gozar da celebración como é debido.

“A xente pregunta como facemos. Este ano estabamos vendo á París de Noia, que abría as festas, e no primeiro pase dous da comisión andabamos cerrando orquestras

para o ano que vén”, explica Jairo López da comisión das Gándaras, en Lugo.

AS GÁNDARAS, LUGO

A ese nivel chega a planificación. “Os veciños están empezando a desfrutar das festas e nós xa estamos pensando nas próximas”, detalla este mozo que leva 14 anos na organización da cita, un cargo que parece xa “vitalicio”. “Non che está asignado pero ou decides ti parar ou se é polos veciños probablemente non pares. No 2019 o meu compañeiro e eu anunciamos que íamos facer un parón porque levamos case unha década traballando e non fomos capaces porque nos pedían seguir”.

Jairo, que conta con experiencia máis que sobrada, asegura que cada vez son máis complexos os preparativos. “As cousas empezaron sendo moito máis fáciles do que son hoxe en día. Principalmente porque cambiou o papel do Concello e tamén a normativa da Xunta en canto a festas no 2018, todo se foi complicando, que nunha parte é necesario pero costa”. A alta demanda en canto a formacións tamén os obriga a adiantar as contratacións. “Se queres conseguir unha orquestra como a París ou Cinema, necesitas unha planificación dun ano polo menos e sendo en marzo, se fora en xullo e agosto xa necesitarías un par de veráns como mínimo”.

Grazas ao seu esforzo lograron que o San Xosé sexa unha das celebracións referentes na cidade. “Nos últimos 14 anos medrou bastante, de ser unha festiña de barrio pequena que non viña ningún, só os propios veciños, a ser unha das grandes aquí”. Pero non quixeron quedar aí, polo que os 7 membros desta organización tamén se animaron a volver a poñer no calendario unha tradición que levaba tempo desaparecida para o barrio, o San Xoán.

“Facíao a asociación de veciños e quixemos recuperala como unha xuntanza veciñal”. Pero a acollida que tivo sorprendeunos. “Ao final veu moita xente, non contabamos con que tivera tanto éxito. Estamos moi agradecidos porque todos desfrutaron e mentres os veciños estean contentos non

pode haber outra maneira”. Destaca que sempre contan co seu apoio. “Moitos colaboran con nós ao longo do ano, mesmo no San Xoán chegou o momento que se nos foi das mans e algúns arremangáronse e axudaron a botar a festa adiante”.

O NOSO FOZ

Na comisión O Noso Foz tampouco descansan. Encárganse de organizar, xunto co Concello, algunha das citas máis consolidadas no municipio focense, entre elas o Entroido ou o San Lourenzo. Tamén colaboran nas Festas do Carme que se celebraron na vila, como vén sendo habitual, no mes de xullo, aínda que a súa preparación arrincou en agosto do ano pasado. “A organización foi dura, como todos os anos! Pero estamos rodeados de xente boa e moi válida que nos axuda sempre en todo o posible”, din. O pregón, as verbenas, as presentacións literarias e as alfombras florais protagonizaron o programa porque o seu obxectivo sempre é “adaptar as patronais e as festas do concello a todos os públicos, que poidan desfrutar desde os máis novos ata os máis maiores”. Recoñecen que cada ano é máis complicado organizar unha festa, “aínda que tamén gañas experiencia”. Son sete nesta asociación que se renovou fai un par de anos e que enriquece a oferta cultural do municipio con propostas musicais, de teatro, danza, literatura, exposicións, homenaxes ou iniciativas para os máis cativos. “Intentamos realizar sempre actividades para todos os públicos e repartidas un pouquiño por toda a vila, para que todos poidamos desfrutar delas durante estes meses de verán”. O esforzo “persoal e emocional” que conleva formar parte dunha asociación non pasa desapercibido para os integrantes. “Tes que invertir unha cantidade considerable de tempo para que as cousas saian. É unha responsabilidade tremenda e cada vez é máis difícil. É reconfortante traballar para a vila, pero tamén esgotador, quen diga que todo é positivo minte”. Pero o agradecemento por parte dos focenses, aos que animan a tomar parte na comisión, fai que todo esforzo pague a pena. “Animamos aos veciños a unirse á asociación, seguro que entre todos se farían unhas grandes festas e fai falta aire novo aquí dentro. Temos que recoñecer que grazas á comisión coñece-





mos xente increíble e iso é algo que nos levamos con nós para sempre”, afirman.

VILALBA

As patronais de Vilalba volven estar organizadas por unha comisión despois de varios anos nos que o Goberno local era o encargado dos festexos. Ramón, Vicente, Cristina, Sonia, Marta e Charlie deron un paso adiante para que os vilalbeses e vilalbesas non quedaran sen o seu ansiado San Ramón. “Estás esperando todo o ano polas festas, sobre todo o día 31 de agosto que vén xente que solo a ves eses días. Xa se nota no ambiente que se respira no pobo”, conta Vicente.

Ademais da financiación municipal, están a preparar o libro das festas e vendendo rifas para unha viaxe, sen data, valorada en 2.000 euros. “Tes que ir pedindo bar por bar, tenda por tenda e tamén facendo anuncios para que o pobo se implique. Xa non se pide casa por casa porque é unha loucura, pero estamos vendendo papeletas”, afirma Ramón. Andar, pedir, falar moito e días e máis días de dedicación, así se podería resumir o traballo. “Moita xente igual pensa que nos metemos na comisión para levarnos algo. E nós non levamos nada, ao contrario, estou co coche de arriba para abaixo. E constituímonos como asociación, todo vai coas súas facturas porque queremos telo todo ben”.

O traballo comezou no mes de maio e foi preciso axustarse ao máximo aos recursos económicos cos que contan. “Co diñeiro que temos queremos pagar todo e se chega para algo máis mellor. Se contratamos nós as orquestras xa sabes máis ou menos ata onde podes chegar, pero como xa estaban contratadas temos que pagalas, non vas cambialas porque tampouco quedan moitas coa cantidade de celebracións que hai na zona nesas datas”, explica.

Foliadas, pasacalles, verbenas, actividades para os máis cativos, a Xira ou o Día do Traxe Rexional conforman a programación deste ano que segue a fórmula tradicional. “É complicado facelo todo, temos por exemplo o Certame Literario que cumpre 50 anos e temos que axudar a que saia en condicións”. Porque a súa razón de ser é clara: “Estamos loitando para que os veciños teñan unhas festas e se xunten cos seus seres queridos”.

OURAL, SARRIA

Asumir a responsabilidade nunha parroquia tampouco resulta nada doado. “Este ano quedamos dous á fronte, normalmente saen catro e dos catro que saíron máis dúas reservas non quixeron”, conta Javier Coto que, xunto con Jose, conforman a pequena comisión da parroquia sarriá de Oural, aínda que a experiencia venlle de familia. “Fai 40 anos os nosos pais estiveron na comisión. Nós somos amigos desde pequenos, así tamén discutimos menos —comenta entre risas—. Xa fixemos a festa fai 20 anos, aínda que non quedamos moi contentos co que se puido facer daquela e decidimos entre os dous facelo mellor esta vez dentro do que se pode”. Pecharon o programa no mes de novembro para as festas que celebran en xullo, pero ao longo do ano non cesaron na súa actividade. “Non é fácil, en moitos pobos igual se dan cotas máis grandes pero eu entendo que non se pode, aínda que se se quere ter festa hai que xuntar cartos”. Por iso organizaron o Magosto en novembro con sesión de Dj e música tradicional. “Foi moi ben, pero metémonos en moito gasto entón a ganancia foi pequena. Así que en abril tivemos a Festa da Xuventude e trouxemos charangas que nos cedeu a Deputación e un dúo. Contamos tanto co apoio dos veciños como moita xente que non era do pobo que veu e quedamos moi contentos.

Non temos queixa ningunha”. Precisamente, o factor económico, reconece, preséntase como o maior reto. “Xuntar os cartos faise duro. Facer unhas festas nas que a metade do presuposto ou mesmo un 60 % se xunta fóra do pobo supón moitas horas pedindo. Neste caso, todo o mundo

dixo que lle gustara o cartel pero tampouco se pode facer moito máis porque o prezo das orquestras é o que é e moitas das que están collidas xa sería inviable traelas tamén. Tivemos unha pequena colaboración da Xunta e todo axuda”.

As mans non sempre chegan, polo que tanto Javier como Jose están moi agradecidos as súas mulleres, xa que “sendo solo dous sería imposible”. Xunto coas horas de dedicación e o esforzo, hai que compatibilizalo coa rutina, destaca este camioeiro. “A idea de facer unha festa é traballar ao final vas sacando tempo de onde podes, é un ano e intentamos levalo o mellor que podemos”. Javier queda tamén co gran apoio do seu compañeiro. “Nós que somos amigos desde pequenos e vivimos no mesmo pobo pois serviunos para xuntarnos case todas as semanas. Dicímolo moitas veces, valeunos para coller un hábito que non debemos perder porque sempre andivemos xuntos e queiras que non co tempo valo perdendo”.

Son meses de planificación cun único obxectivo: que os veciños e veciñas poidan gozar da celebración como é debido





NOEL LÓPEZ PINÍN
• NUTRICIÓN •

MEJORA TU ALIMENTACION Y RECUPERA TU SALUD

- Sobrepeso / Obesidad
- Alergias e intolerancias alimentarias
- Colesterol / Hipertensión / Diabetes
- SIBO
- Nutrición deportiva
- Nutrición Infantil

C/ Armanya 5, bajo - Lugo 27001 • Tels.: 982 580 322 / 637 310 437
facebook: Noel López Pinín - Nutrición - • Instagram: @noelnutricion
www.dietistanoel.com



José Ángel Santos ocupará a viceportavocía do Grupo Provincial Popular

Os deputados populares Demetrio Salgueiro e José Ángel Santos ocuparán a viceportavocía primeira e segunda, respectivamente, no novo reparto de función do Grupo Provincial Popular trala saída de Carmen José López que, ata agora, exercía de vicevoceira primeira.

O voceiro provincial popular, Antonio Ameijide, explica que este novo reparto de funcións “é o resultado do consenso dentro do equipo e ten como obxectivo favorecer o desenvolvemento do traballo do mellor xeito e cunha rigorosidade máxima”. Antonio Ameijide referenda esta decisión do Grupo Popular e afirma que “son as persoas idóneas para asumir estas funcións dado o seu amplo coñecemento da xestión municipal, do funcionamento da Deputación e da provincia de Lugo”.

Este acordo de todos os deputados populares realízase na procura “do mellor para a provincia” xa que “tal e como dixemos dende o día que tomamos posesión realizamos unha oposición construtiva, dando prioridade aos intereses de todos os veci-



ños da provincia”.

Así mesmo aproveitaron esta reunión para organizar o traballo do equipo provincial na zona máis occidental da Mariña lucense, participando nesta reunión representantes alcaldes e voceiros do entorno. “O motivo de descentralizar as reunións de traballo e desprazar a todo o grupo provincial de xeito habitual pola provincia é coñecer de primeira man a situación real de cada comarca o que reforza a relación de apoio do Grupo provincial co resto de grupos municipais e compañeiros da provincia”, sinalou.

O Concello adquire contedores para o rural e unha desbrozadora

O Concello de Friol vén de adquirir 35 contedores verdes de 800 litros para a recollida de residuos nas parroquias, elementos que eran moi necesarios debido a que moitos dos existentes estaban en mal estado debido ao seu uso e a que están expostos ás inclemencias meteorolóxicas. Este material foi subministrado pola empresa Galicia Solucións Globais SLU por un importe de case 8.000 euros.

Tamén se fixo con unha máquina destinada ao servizo de medio ambiente, unha desbrozadora de brazo, moi necesaria para facilitar os labores de mantemento das estradas municipais. A compra de esta máquina e dos contedores supón un importe de arredor dos 50.000 euros.

A adquisición de todo o detallado por parte do Concello de Friol é posible grazas a unha orde de axudas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza, pola que se convocaron subvencións a



través do Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia.

Todo este material e maquinaria será de moita utilidade para os veciños e veciñas, así como tamén para os traballadores do Concello de Friol, xa que poderán cambiar os contedores que están en mal estado nas distintas parroquias, e tamén poderán facer dun xeito mellor e mais doado a limpeza de maleza das pistas municipais, para facilitar o paso polas

mesmas a todos os veciños e veciñas de Friol, e tamén de todas as persoas que se acheguen ou pasen polo municipio.

Para o Equipo de Goberno isto é algo moi importante, e como di o seu alcalde José Ángel Santos “temos que intentar aproveitar todas as axudas dispoñibles para renovar o material existente e facernos con maquinaria nova que facilite o traballo diario de mantemento do municipio de Friol”.

Rematan as primeiras Olimpíadas Rurais de Galicia con gran éxito

Friol clausurou este domingo as súas Olimpíadas Rurais, que ao final conseguiron un gran éxito de participación durante as tres xornadas que duraron.

O equipo gañador desta primeira edición foi Juais Team, sendo o segundo Transjaleicos e o terceiro Lamalexos.

Finalmente as sesións de probas contaron con numeroso público que se achegou a Friol para ver disputar as diferentes probas celebradas, como os zancos, os tiradores, o lanzamento de lastra, a carreira de sacos, o garrote, dacadalo, a cucaña, os mizos, as cintas, a corda, a carretilla, a *sillita* da raíña, a corda ou os lazos.

A inspiración para crear estas primeiras Olimpíadas Rurais de Galicia xorde das primeiras olimpíadas rurais que se celebraron en España: as dos Pedroches (Estraña, Córdoba), que desde hai 14 anos congregan cada verán a 48 equipos de todo o sur para competir nunhas Olimpíadas que recuperan os xogos tradicionais dos pobos. Ademais das probas deportivas, esta primeira edición contou con outras actividades paralelas como



actuacións musicais e experiencias gastronómicas.

O alcalde, José Ángel Santos agradeceu a todos os participantes que formaron cada equipo, “sen dúbida, a parte de ser valentes e competitivos, deron un exemplo de compañeirismo, compadreo e amizade. Moitas grazas aos veciños e veciñas de Friol pola boa acollida, implicación e apoio, para que este proxecto fose unha realidade.” Tamén tivo palabras de agradecemento para o Colectivo Hércules, na figura do seu presidente, Tor López, a todos os xuíces, aos *speakers*, ao

promotor mediático Sacho-selfie, a todos os expositores e aos traballadores do Concello.

“E por último dar as grazas a Xunta de Galicia, concretamente a Consellería de Medio Rural que a través da Agader financia conxuntamente con Turismo o 100% estas Olimpíadas Rurais, especialmente agradecer o apoio incondicional da Conselleira María José Gómez”. Na entrega de premios anunciouse tamén que o próximo ano volverán as Olimpíadas Rurais e volverá ser Friol o punto de encontro para a nova cita.

EN BREVE



DÍA DO MAIOR. Un ano máis, xa van 31, o pavillón de Friol acolleu a celebración Día do Maior cun xantar no que participaron centos de veciños, que puideron desfrutar dun menú galego en plenas festas patronais. Na celebración, patrocinada e organizada polo Concello de Friol, non faltou a festa, a conversa e o recoñecemento aos maiores do termo municipal.

CONCILIACIÓN. O Concello de Friol ampliou o servizo de madrugadores tamén durante o verán para axudar a conciliar a vida familiar e laboral. Para as familias interesadas no mesmo, ata o venres 30 de agosto levarase a cabo no edificio anexo ao PAI (aula de madrugadores). As inscricións poden facerse nas ofici-

nas do Concello de Friol ou no correo info@concellodefriol.es.

ESPECTÁCULO. A casa da cultura de Friol acollerá o domingo 4 de agosto un espectáculo de música a cargo de Zoelas co título *Des(a) fiada. Tecendo música, fiando memoria*. Como en case todas as historias, sempre hai dúas caras dunha mesma moeda. A muller ao longo dos tempos, tocoulle case sempre ficar na cara non protagonista, na menos visible, pero non por iso na que máis doado resulta habitar. O proxecto-espectáculo pretende analizar cal foi aposición da muller no rural de Galicia nos grandes acontecementos da historia a través dos seus propios testemuños.

Castro Ribeiras de Lea abrirá o día 2 as festas cunha churrascada

A localidade de Castro Riberas de Lea xa ten preparado o seu programa de festas patronais, que se celebrarán os días 2, 3, 4 e 5 de agosto.

Será unha churrascada veciñal, o venres día 2, a que abrirá a celebración. Poderá asistir todo o que queira, xa que venderase tickets o mesmo día a 10 euros. Ao finalizar, sobre as 23.30 horas haberá verbena con Los Españoles e DJ Machito.

O sábado serán Os Valuros o encargados de abrir a sesión cos seus pasarrúas e posterior actuación ás 12.30 horas, antes da misa e a procesión. Ás 14.15 horas está prevista a sesión vermú, que contará coa orquestra Trébol, que tamén se ocupará da verbena xunto a New York. Pola tarde ese mesmo día haberá xogos tradicionais e animación para todas as idades. O domingo abrirá coa música da Charanga 555, antes da misa e procesión, que será ás 13.30 ho-



ras. Ás 14.15 horas o pregón estará a cargo de Leticia Regueiro, doutora en Enxeñaría Química, xusto antes da sesión vermú que dará Stéreo. Despois do xantar serán Festicultores Troupe o que seguirán poñendo música toda a tarde. Ás 18.30 horas será tempo para os nenos, con festa da escuma e inclables e pechará a xornada a verbena de Stéreo e Costa

Dorada.

No descanso, sobre ás 1.30 horas, haberá fotos de artificio.

O luns 5 clausurarán as festas. Haberá misa ás 13.30 horas e a parte musical estará a cargo de Principal, en dobre sesión, e do Combo Dominicano pola noite. Pola tarde, ás 15.30, está previsto unha sesión musical de seis horas a cargo de Disco Móvil Hermo.

Viladonga acolle un campamento de conciliación

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude puxo en marcha, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade o programa Bibliotecas, Arquivos e Museos Corresponsables, para favorecer a conciliación das familias con nenas, nenos, mozos ou mozas de 6 ata 16 anos de idade desde un enfoque de igualdade entre mulleres e homes.

Nestes obradoiros terán prioridade as familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero ou outras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou calquera outra unidade familiar con necesidades en materia de cuidados de nenas e nenos.

Con este fin, o Museo do Castro de Viladonga arrancou un campamento cultural de conciliación para nenos e nenas de 6 a 12 anos baixo o título Campamento Castrexo na Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Das catro quendas segue aberta a matrícula para as dúas últimas, do 12 ao 23 de agosto e do 26 de agosto ao 6 de setembro. O horario do campamento é de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas e nel faranse obradoiros e viaxes culturais.

Castro de Rei continuará un ano máis coa Festa da Malla, na XXI edición



O concello de Castro de Rei continuará coa celebración da Festa da Malla, recuperada o ano pasado tras tres sen celebrarse pola pandemia, na que é a XXI edición. Como sempre, a festa dividirase en tres xornadas. A primeira, a sega, terá lugar o sábado 3 de agosto na finca de Escairo, onde se traballará a partir das 10.30 horas. A quedada será ás 10:00 diante do bar Ruta do Azúmara.

A seguinte xornada terá lugar o 11 de agosto coa meda que dará comezo ás 11:00 horas no campo da feira de Castro de Rei coincidindo coa feira quincenal.

Está prevista para esta xornada a

actuación dun grupo de música tradicional dentro da programación cultural Tradigalu 2024.

Para rematar, o domingo, 18 de agosto, regresa a malla, día principal da festa, que comezará ás 10:00 horas no campo da feira. Ao mediodía será o xantar popular amenizado por un grupo musical.

Un ano máis esta festividade está organizada pola Asociación Amigos da Feira, que leva 20 edicións ocupándose desta festa coa que se intenta recuperar unha tradición agraria da zona.

As previsións estiman unha participación de 600 persoas, que é o número habitual das últimas citas.

Aprobado un orzamento de 5,6 millóns de euros

O Pleno de Castro de Rei aprobou co acordo da oposición o orzamento para o presente exercicio, que ascende a 5.659.400 euros, un millón máis que o ano pasado debido ao incremento de fondos en todas as partidas.

O rexedor, Francisco Balado, destacou os investimentos en servizos sociais, dotados con 889.228 euros, 65.000 euros máis que en 2023, cos que financiará o Servizo de Axuda no Fogar.

Outros dos capítulos avultados das contas son as infraestruturas, ás que se destinan 952.000 euros. Unha parte importante deses cartos, 769.000 euros irán para o acondicionamento de vías. Outras das obras previstas son a ampliación do cemiterio de Duarría e as melloras do parque infantil de Castro de Rei e a muralla. Recibirán para estas dúas achegas do canón eólico e do ARI.

Para fomento do emprego van 544.438 euros, que contrastan cos 148.775 do ano 2023. Este aumento é debido a que será este concello o que coordine o taller de emprego que comparte con Cospeito

e Outeiro de Rei.

No capítulo de educación establécen unha partida de 427.000 euros que van ao financiamento da escola infantil e o mantemento dos colexios, sen que falten as axudas e subvencións a colectivos, que suman 60.000 euros.

SANIDADE. A situación sanitaria tamén foi protagonista nun pleno que se prolongou durante dúas horas. Por unha banda o PP levou unha moción pola que se insta ao Ministerio de Sanidade a paliar o problema da falta de médicos, iniciativa na que o PSOE abstívose. O BNG tamén levou a súa reclamando que se manteñen os servizos médicos no consultorio de Castro de Rei, na que tamén houbo acordo.

O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, xunto co xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ramón Ares, trasladoulle ao alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, que o consultorio do municipio volverá prestar servizo en setembro, tras a reordenación asistencial do verán.



Remata a rehabilitación de camiños da parcelaria

O Concello está a completar o plan de rehabilitación de camiños en zonas de reestruturación parcelaria da Xunta de Galicia, tal e como informou o alcalde, Francisco Balado.

Neste proxecto acometéronse actuacións en distintas zonas de concentración parcelaria do Concello, entre as que se citan varias parroquias. Así na parroquia de Balmonte actuaron na zona da Igrexa, Vilaseñor, A Valiña e Zacariade. Tamén, en San Martiño de Goberno, concretamente nos lugares de Anoca, Outeiro e Ameixide. Tamén forman parte deste plan Bazar, na que se actuará nos lugares de

A Mudia, As Penelas e Cornide. Así mesmo afectará a Ponte de Outeiro e Pacios, concretamente na zona da Ponte, desde a LU-120 ata Pacios. En Ramil está previsto que actúen no Caxigal e Medianeiros.

A actuación deste plan ten un orzamento de 199.377,50 euros e consiste principalmente nun dobre tratamento bituminoso de asfalto que se aplica sobre todas as vías de titularidade municipal con regularización nas zonas nas que o firme estea máis deteriorado, así como a limpeza de cunetas. Están financiadas a cargo dos fondos do Agader.



Preto de 4.000 persoas visitaron o zoo Avifauna

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o presidente da asociación centro de interpretación Avifauna, Antonio Ibáñez Burgo, asinaron un convenio de colaboración mediante o cal a institución provincial realiza unha achega económica de 40.000 euros. A través desta colaboración a Deputación contribúe ao funcionamento deste zoo ornitolóxico, situado no concello de Outeiro de Rei, e que alberga cerca de medio millar de aves de 250 especies diferentes.

Concretamente, a institución provincial fai posible a execución dun programa educativo, que inclúe visitas guiadas gratuítas por este

centro de interpretación, e no que participaron preto de 4.000 persoas no ano 2023. A principal finalidade desta iniciativa é sensibilizar a poboación sobre a conservación do medio ambiente, o coñecemento das aves, as súas principais ameazas e as medidas de conservación existentes.

Así mesmo, este proxecto, que se dirixe a ANPAS, centros escolares da provincia e asociacións sen ánimo de lucro relacionadas co ámbito da cultura, a natureza, a educación, a discapacidade e a integración, contribúe ao coñecemento da riqueza da fauna que habita en Galicia e a unha mellor conservación do patrimonio natural da comunidade.

O concurso musical da casa museo de Manuel María xa ten finalistas

A Casa-Museo Manuel María fixo pública a resolución do Xurado da primeira fase da IIIª edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais que ten por obxecto premiar a mellor canción lírica para voz e piano escrita sobre un poema de Manuel María. Un concurso, o desta edición, que contou cun incremento do número de composicións presentadas respecto á edición anterior e cunha significativa participación de concursantes de fóra da Galiza. De feito, entre as cinco composicións finalistas encóntranse as dúas presentadas por Saúl Aguado de Aza, nacido en Madrid e residente en Segovia, e a presentada por Francisco José Carbonell, nacido en Valencia e residente en EE.UU.

O xurado decidiu escoller 5 composicións para pasar á fase final, o máximo que se prevé nas bases da convocatoria. Unha vez abertas as plicas foron designados como finalistas O carro, María Mendoza, presentada baixo o lema Centola da ría; Galiza, Saúl Aguado de Aza, presentada baixo o lema Saudade de Galiza; Neno, Saúl Aguado de Aza, presentada baixo o lema Saudade de Galiza; Mito, Luis Serrapio Fernán-

dez, presentada baixo o lema Lual, e Galicia, Francisco José Carbonell Martredona, presentada baixo o lema Dunedain.

A canción gañadora determinarase entre estas 5 finalistas nun concerto público no Auditorio da Casa-Museo Manuel María o día 26 de outubro.

O xurado estivo presidido por Margarita Viso Soto, compositora, pianista acompañante, editora de música e musicóloga. Como vogal actuou Alejo Amoedo Portela. Catedrático

de Música e Artes Escénicas na especialidade de Repertorios con Piano para Instrumentos. Tamén como vogal, Julio Cabo Meseguer. Catedrático no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Actuou de secretario, con voz e sen voto, Alberte Ansele, presidente da Fundación Manuel María.

O certame conta cun premio en metálico de mil euros para a composición gañadora e a publicación das partituras finalistas.

CONVIVIO DA CULTURA GALEGA



A Casa Museo Manuel María acolleu o acto de inauguración da XI Convivio da Cultura Galega, que reúne o asociacionismo de base do país arredor do legado do poeta. A festa continuou durante a tarde cunha foliada e un concerto de Os Carunchos na carballeira de Santa Isabel.

San Lorenzo de Aguiar celebra unha xuntanza o día 10



A parroquia de San Lorenzo celebra o 10 de agosto unha xuntanza. O sábado ás 13.00 darán comezo as celebracións cunha misa solemne na honra a San Lourenzo para continuar cunha sesión vermú a cargo da orquestra Epo-K. Este mesmo grupo ocupárase da verbena ese mesmo día.

Está prevista un xantar popular ás 15.00 horas a base de entremeses, polbo, churrasco mixto, sobremesa, bebida e café a un prezo de 30 euros para socios e de 25 para non socios.

Este mesmo menú dá dereito a desfrutar duns pichos á hora da cea.

Ademais, pola tarde, haberá xogos populares para todas as idades. Os que desexen participar deberán inscribirse con antelación no 603 737 591 e no 686 381 039.



Outeiro de Rei rendeu tributo ao sector artesán

Outeiro de Rei volveuse a encher de decenas de veciños e visitantes que se achegaron á XIV edición da Feira de Artesanía, que coincidiu coas festas patronais na honra de Santa Isabel. O evento, que é todo un escaparate das elaboracións manuais, contou coa asistencia 63 postos de artesanía e 18 de alimentación.

Acudiron artesáns de cerámica, cestería, madeira, instrumentos de música tradicional, gancho e calceta, xoiaría, coiro, traxes rexionais, ferro, complementos de moda, decoración, cartón pedra, cerería, cosmética natural e xabóns naturais, bixu-

tería, esmaltes, cantarías, macramé, bolillos, manualidades, antigüidades, etc. Pola súa parte, a oferta en canto a alimentación tamén é variada pois encóntranse mel, produtos de panadería, embutidos, queixos, chocolates, doces, viños e licores e outros.

O programa da feira arrancou coa III Andaina Solidaria organizada pola Asociación Somos Unidos por el cáncer, asociación presidida por José Manuel Vázquez. Ao longo da xornada houbo demostracións en vivo de oficios tradicionais e tamén dalgúns dos traballos.

Rábade celebrará as patronais do 10 ao 15

O Concello de Rábade presenta a programación das Festas na honra a Santa María, que se van celebrar os días 10, 11, 12, 13, 14 e 15 de agosto con actuacións e actividades todos os días.

As Patronais de Rábade darán comezo o día 10 de agosto, sábado, coa celebración do XXVIII Rabafolk. O festival dará comezo ás 22:00 horas na Praza de España coa actuación Eoghanxo Unit (Galicia-Irlanda). Seguiránlle, Sin a Deir Sí (Irlanda), Terrae (Galicia) e o grupo local Axeigo. Tamén haberá animación de rúa a cargo de Cadabatú (Galicia).

O 11 de agosto farase a Festa do Río coa XXII Eibatuxada, unha competición de barcas caseiras que surcarán o Miño. Haberá un concerto da Banda de Música Sons e Soños e Pop Rock e a actuación da Charanga Aloumiño.

O día 12 de agosto, luns, haberá teatro a cargo de *Os luns ao sol* do Centro Dramático Galego, que representará *De Vilatriste a Vilalegre*.

O 13, chega a Rábade o musical *Camiñantes e Cantantes* con La Oca Band, Pili Pampín, Manquiña e Pepe Suevos no Campo da Feira ás 22:00 horas. A verbena estará amenizada pola Orquestra Olimpus e o Dúo Eclipse.

O 14 de agosto, festivo local, o Concello de Rábade celebra o Día da Bicicleta coa actuación durante a proba de *Lilicicleta*. Tamén haberá actuacións musicais a cargo do Grupo Beatriz e Grupo Ritmo.

O día grande, o 15 de agosto, actuará a Orquestra Escaparate e o Grupo Montreal e farase a XVIII descarga pirotécnica. Á tardiña actuará Moc Moc espectáculos con *Mere Clown*.

Convocan o XVIII Certame de Investigación Condado de Pallares

O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro participou na presentación do XVIII Certame de Investigación Condado de Pallares, convocado pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, co obxectivo de promover a investigación nos ámbitos da lingüística, a historia, a arte, a arqueoloxía, a antropoloxía, a etnografía e o folclore no territorio que conformaba o antigo Condado de Pallares, que corresponde cos actuais concellos de Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada e Carballedo.

As persoas interesadas en participar poden achegar os seus traballos de investigación, escritos orixinais e inéditos en lingua galega, ata o 28 de setembro, remitíndoos por correo certificado, baixo plica, a Casa Reitoral, nº 6, Ferreira de Pallares, onde ten a súa sede a asociación. O autor ou autora da obra premiada recibirá 3.000 euros, ademais da publicación do estudo, cunha tirada de 1.200 exemplares.

Na presentación, celebrada na delegación da Xunta de Galiza, Efrén Castro valorou "a iniciativa da Asociación de Amigos do Mos-



teiro de Ferreira de Pallares na organización deste certame, que visibiliza e dá valor á investigación e á produción de coñecemento no ámbito das humanidades e das ciencias sociais cunha importante dotación económica e coa publicación dos estudos premiados"

O vicepresidente destacou que "a continuidade na convocatoria permítenos contar hoxe cunha ampla bibliografía en galego para aprofundar en distintas cuestións relacionadas co patrimonio material e inmaterial destes concellos". No acto, participaron o presidente da Asociación de Amigos do Condado de Pallares, Carlos Vázquez, e

outros integrantes da entidade, así como representantes doutras administracións e entidades colaboradoras -Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galiza, concellos de Guntín, Taboada e Chantada, os GDR Miño Ulla e Comarca de Lugo e Caixa Rural.

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo destina 5.000 euros á Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares que, ademais da convocatoria do premio, desenvolve unha ampla labor de dinamización cultural na zona, co organización, entre outras actividades, a Feira de Artesanía de Ferreira de Pallares.



Melloran os accesos ao núcleo de Lousadela

O Concello de Guntín continúa a mellorar os camiños de titularidade municipal. Tras as actuacións levadas a cabo nos camiños e nas pistas de Nogueiras, Fontao, na Horta e tamén en Arriba de Ferroi e no asfaltado e na canalización no núcleo de Constante, nestes días traballaron na mellora do acceso ao núcleo de Lousadela.

Dende o Goberno local apostan así por labores de mellora e acondicionamento do firme. Estas actuacións coas que pretenden facilitar a vida da veciñanza das súas 31 parroquias súmanse a outros proxectos do Goberno local como son a humanización do campo da feira de Grolos ou a creación dun novo aparcadoiro.

rábade

Marta Bravo gaña o Concurso de Pintura Rápida ante 31 artistas

No XVI Certame de Pintura Rápida organizado polo Concello de Rábade anotáronse 31 artistas, un dos anos de maior participación ata o de agora, con pintores chegados de Galicia e de diferentes puntos do Estado.

A gañadora foi Marta Bravo de Gijón, seguida de Isabel Seidel de Amoeiro, Lolo Serantes de Ponferrada e Carlos Montero de Murcia. Tamén se repartiron 3 accésits para Diego Fernández, Federico Plasencia e Montserrat Valero.

Os premios son en metálico. Ao primeiro correspóndenlle 1.200 euros ofrecidos polo Concello, ao segundo 800 euros patrocinados por Finsa; ao terceiro 600 euros, a cargo de Mercontrol e ao cuarto, de 500 euros, financiado por Sariago. Outorgáronse tamén tres accésit de 100 euros.

O concurso estaba aberto a todos os artistas que desexaran partici-



par maiores de 18 anos, que comezaron coa pintura ás 9.00 horas e tiveron de prazo ata as 17.00 horas. Só se admitiu unha obra por artista, que tivo liberdade de escoller a modalidade e estilo de pintura que quixo. O tema foi Estampas de Rábade.

Todos os inscritos presentaron o cadro ao remate da sesión para participar na exposición que se abriu unha vez rematou a entrega de premios, que tivo lugar ás 18.00 horas no centro sociocultural, onde tamén estará aberta a mostra.



Convocadas a Festa do Pemento de Mougán e a Feira Artesanal en agosto

A Festa do Pemento de Mougán continúa a ser unha cita habitual no concello de Guntín. O municipio celebrará a vixésimo sexta edición da cita o vindeiro 3 de agosto. O programa comezará ás 14.00 horas co pregón da man da concelleira de Medio Rural. Seguiralle a sesión vermú co grupo Alba e degustacións de pemento e churrascada de balde.

Pola tarde haberá campionato de tute xa pola noite, a partir das 22.00 horas, terá lugar unha cea degustación do pemento. A verbena dará comezo ás 23.30 horas e estará amenizada polo grupo Alba. Os interesados poden reservar mesa para xantar durante a xornada na que tamén estarán á venda pementos e licores de pementos.

FEIRA ARTESANAL. Ferreira de Pallares celebra tamén este mes a décimo novena edición da Festa Artesanal o domingo o 11 de agosto. A cita comeza ás 9.00 horas coa instalación dos artesáns para dar paso a apertura do recinto feiral ás 11.00 horas. Xa ao mediodía, ás 13.00 horas, terá lugar unha degustación gratuita de filloas.

Os asistentes poderán gozar do pregón a cargo do xornalista e escritor Xavier Lama. A partir das 14.30 horas terá lugar o xantar de confraternidade a base de polbo con cachelos e churrasco con patacas fritidas e ensalada por un prezo de 33 euros e de 16 para menores de 10 anos. Ao longo da xornada tamén haberá actuacións musicais.

As festas contarán con París de Noia e Henry Méndez



O Corgo presenta un ano máis o programa das súas festas patronais que celebrarán en setembro. Do 13 ao 15 a veciñanza deste municipio así como tamén asistentes que se acheguen gozarán de verbenas e sesións vermú con formacións como París de Noia e a actuación de Henry Méndez.

O programa comeza o venres 13 con verbena con París de Noia, disco móbil Coco Música e Dj Casanova. O sábado haberá sesión vermú con Zona Zero, que estará na verbena acompañada de Impacto e Dj Sonic. Ademais, contarán coa gran actuación de Henry Méndez, un dos pratos fortes da celebración este ano. O programa remata o domingo 15 con sesión vermú da man de Elixir.

Continúan as viaxes ás praias durante o verán

O Concello do Corgo programa viaxes ás praias propostas os xoves durante o verán. Nas semanas que o xoves é festivo trádlase aos mércores. As viaxes terán un custo de 8 euros para os empadroados e 12 para os non empadroados, con saída ás 9 da mañá da antiga cámara agraria. As viaxes á provincia de Pontevedra (praia das Américas e Samil) terán un custo engadido de dous euros en cada aportación (10 euros os veciños do Corgo e 14 os

non empadroados neste concello) e a saída será as 8 da mañá da antiga cámara agraria. Para inscribirse haberá que chamar ao teléfono 622 500 462, de luns a mércores, en horario de 10.00 a 13.00 horas. Respetarase a orde de inscrición. O destino da praia pode ser variado segundo o tempo e a hora de regreso pode ser modificada tamén. O 8 de agosto irán a Rinlo, o 14 a Covas, o 22 a Valdoviño e o día 29 a Riazor.

EN BREVE

MERCADO DOS OFICIOS. A Asociación os Cinco Ríos do Corgo, coa colaboración do Concello, prepara a terceira edición do Mercado de Oficios do Corgo. A cita terá lugar no municipio os días 24 e 25 de agosto. Os artesáns interesados en participar poden anotarse nos teléfonos 636 584 282 e no 686 65 657. Ademais, o colectivo continúa co mercadiño e rastro de cousas usadas que celebran o último sábado de cada mes xunto á cámara agraria.

CONCENTRACIÓN MOTEIRA. A Asociación os Cinco Ríos, coa colaboración do Concello, prepara o programa da terceira edición do Mercado de Oficios. Entre as novidades deste ano, organizan a primeira concentración moteira do concello. Será o sábado 24 a partir das 12.00 horas durante a celebración do mercado. Poden participar todo tipo de motos e haberá pinchos de balde para todos os participantes. Os interesados poden anotarse no 686 625 657. Haberá un lugar para as motos.



Os veciños do Corgo quedaron sen luz durante horas por unha tormenta

A alerta amarela por tormentas e precipitacións fíxose notar en varios puntos da provincia de Lugo, onde se rexistrou unha abundante actividade eléctrica e mesmo sara-bia.

De feito, MeteoGalicia notificou máis de 3.500 raios entre as 14.00 e as 18.00 horas e chuvias de máis de 10 l/m2 en 10 min e descenso moi brusco da temperatura.

No caso do Corgo repetiuse unha situación que non é allea no municipio, xa que os veciños volveron quedar sen luz durante horas. O corte tivo lugar a partir das 17.00 horas da tarde e ata ás 02.00 da madrugada, aproximadamente, non se puido restablecer o servizo. Segundo apuntan, a caída dunha árbore que afectou ao tendido eléctrico provo-

cou que estiveran durante horas sen subministro tanto na capitalidade municipal como nas distintas parroquias coas consecuencias que ten tanto para os particulares como as perdas económicas que poden sufrir os propietarios dos negocios.

Aínda que lles aseguraron que retomarían o servizo en torno ás sete da tarde, afirman que a situación non volveu á normalidade ata ben entrada a madrugada. Deste xeito, a veciñanza amosou o seu molestar por unhas incidencias que non son novas para eles. Demandan, deste xeito, un mantemento en condicións por parte da compañía Naturgy, antigamente Gas Natural Fenosa. Esta xornada seguirán os chuvascos, con menos intensidade, e sen avisos por tormenta.

Pol celebrará o 24 unha nova Festa ó Emigrante

Pol celebrará o 24 de agosto unha nova edición da Festa ó Emigrante, que ademais este ano coincidirá en sábado e á que poderán sumarse os veciños e visitantes que o desexen, e que se darán cita na carballeira de Mosteiro para desfrutar do xantar.

O Concello instalará como todos os anos unha carpa con capacidade para 1.800 persoas, para xantar no seu interior e gozar do ambiente festivo que haberá na carballeira. Ademais, os grupos tamén participan coas merendas no exterior da carpa e de feito, contarán tamén con diferentes postos de comida.

Nesta edición, a xornada dará comezo ás 13:00, coa misa, para dar paso ao pregón, que estará a cargo

de Pablo Fernández López, licenciado en Medicina, natural da parroquia de Silva. Media hora máis tarde procederá ao descubrimento da placa conmemorativa do XXXIX Aniversario da Festa ó Emigrante no Concello de Pol.

Ás 14:15 comezará a sesión vermú amenizada pola orquestra Son de Festa e ás 15:00 terá lugar o xantar popular.

A música continuará pola noite, a partir das 23:00, coa verbena, que estará amenizada de novo por Son de Festa, ao que se unirá tamén Capitol. Como todos os anos, a comida estará aberta a toda a poboación, e para anotarse haberá que chamar ao Concello (982 345 029) antes do día 22 entre as 9.00 e as 14.00 horas.

Leña Verde vivirá o seu trinta aniversario cunha gran festa

Leña Verde prepara para o vindeiro 10 de agosto unha xornada festiva para celebrar os seus trinta anos de actividade na difusión da música tradicional e na dinamización cultural do concello de Pol e na contorna.

Mercedes Rielo, Luis Cedrón e Óscar Trigo -da directiva da entidade-, acompañados pola deputada de Cultura Iria Castro, presentaron as actividades programadas, que se desenvolverán durante todo do día na carballeira de Mosteiro.

A xornada comezará cunha sesión vermú amenizada por Caivanca e un xantar popular (o Concello de Pol instalará mesas e asentos, podendo reservarse sitio chamando ao 657 876 450 ata o venres 9). Ademais, quen o desexe poderá mercar na Carballeira polbo, churrasco e filloas (grazas á colaboración das filloeiras de Mui-



menta). A festa continuará durante a tarde coas actuacións de Leña Verde, do grupo de música portuguesa da Associação Cultural de Chafé, de Viana do Castelo, e de Uxía Senlle. Neste sentido, engadiu que "estes

acontecementos reafirmamos no apoio aos colectivos culturais, que poñemos en marcha desde a área de Cultura, tanto a través de axudas directas, como de programación como o Tradigalu no que Leña Verde veu participando nos últimos anos".

As actividades programadas para o 10 de agosto celebrarán trinta anos de actividade que comezaron 1994 coa creación da asociación cultural e da formación musical, que recuperou o nome e o legado de dedicación á cultura do grupo escolar de música e baile tradicional Leña Verde que puxera en marcha nos anos 50 o mestre Daniel Pérez.

Ao longo das últimas tres décadas, máis de 80 persoas de Pol e da comarca participaron de forma directa na asociación cultural e no grupo musical, que gravou tres discos.

Castroverde inaugura o centro multiusos Paco Pestana

Castroverde inaugurou o acondicionamento e ampliación do seu centro multiusos. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Castroverde e deputado de Cooperación e Asistencia aos Concellos, Xosé María Arias, inauguraron o centro multiusos Paco Pestana acompañados por varias dúcias de veciños e veciñas. Unha dotación situada detrás do centro de saúde, en pleno centro urbano do municipio, á que a institución provincial destinou 325.000 euros para convertela “nun espazo público moito máis amplo, acondicionado e versátil para desenvolver actividades culturais e de lecer de todo tipo”.

José Tomé Roca enmarcou este compromiso na política de “máxima” cooperación cos 67 concellos da provincia de Lugo “para que poidan ofrecer máis e mellores servizos públicos aos seus veciños e veciñas. Un compromiso importante que reforzamos cos concellos do noso rural”. Nese sentido, valorou que o centro multiusos Paco Pestana “terá un impacto enorme na vida social e cultural deste municipio” e que “axudará ademais a dinamizar o tecido asociativo de Castroverde, que por fin poderá contar cun edificio en condicións para poder levar a cabo as súas actividades”.

Lembrou o presidente que a institución achegou a metade do investimento necesario para acometer estas obras, 307.500 euros, e asumiu ademais o coste íntegro da redacción do proxecto, outros 17.500 euros. Felicitou ao alcalde, “que sem-



pre pon primeiro aos seus veciños e veciñas á hora de asumir proxectos e pedir axuda á Deputación”, e aos familiares de Paco Pestana, presentes no acto, porque “que este centro leve o seu nome é unha bonita homenaxe a un home que viviu e representou a súa terra polo mundo”. Pola súa banda, Xosé María Arias valorou o importante que é para Castroverde contar cun inmobile “funcional destas características, no que se poderán realizar todo tipo de actividades e ao que lle puxemos o nome de Paco Pestana coma homenaxe a este artista que viviu sempre moi ligado ao seu municipio natal”.

O secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural, Jorge Atán, destacou o investimento da Xunta na mellora das infraestruturas rurais de Castroverde na visita ás novas instalacións á oficina rural da localidade. En relación co Multiusos, esta edificación recibiu unha axuda Leader de 200.000 euros, a través do GDR 4 ADR Comarca de Lugo e xestionada

pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que permitiu dotala cun amplo local de máis de 200 m² de superficie útil.

Este espazo está pensado para acoller numerosos actos de carácter sociocultural que ata o de agora non tiñan un lugar adecuado para celebrarse. Ademais, os traballos serviron tamén para acondicionar outros locais para asociacións, así como unha biblioteca municipal, unha sala de lectura e diversos almacéns de apoio. A maiores, instaláronse tamén uns aseos e un ascensor que comunica as dúas plantas do edificio. Con respecto á oficina rural, Jorge Atán subliñou o investimento realizado pola Consellería para o seu acondicionamento xeral, que superou os 96.000 euros. Con este orzamento, realizáronse traballos de pintura en paredes e teitos, mellora térmica e da iluminación, reparación da carpintería interior e dotación dun posto de videoconferencia e de almacén.



Agosto traerá unha nova Feira de Artesanía e Gastronomía

As pezas artesanais e a gastronomía volverán a ser protagonistas. O municipio prepara unha nova edición da Feira de Artesanía e Gastronomía que chega a súa décimo sétima convocatoria. Será o 18 no recinto feiral e haberá demostracións de oficios tradicionais, degustacións de produtos gastronómicos e actuacións musicais.

O programa arranca ás 10.00 horas coa apertura da feira para dar paso a unha concentración de motos e coches clásicos. Xa ás 11.30 darán comezo a demostración de elaboración de esculturas de madeira da man de Eugenio Linares e Marcos Ladra. A feira inaugurarase ás 12.00 horas e contarán coa actuación de Zuncurrundullo e da Falcatrueiros. O pregón virá da man de Nicolás Susena Presas, párroco no concello. Posteriormente, actuará a charanga Louband e os asistentes desfrutarán dun xantar típico galego.

Pola tarde os cativos poderán gozar de festa de inchables nas piscinas. Ademais haberá máis música e actuación e representación teatrais a partir das 18.30 horas, tamén nas piscinas. O circo a cargo de Sempre Arriba tamén achegará o seu espectáculo *Hoxe sí* e tamén haberá unha actuación de maxia con Ian e Elisa que amosarán o seu espectáculo *Maxia sen trucos* na Praza do concello ás 20.30 horas.

CONCENTRACIÓN DE MOTOS. Como parte do programa terá lugar ese mesmo día unha concentración de motos e coches clásicos, que chega a súa décima convocatoria. n As inscricións son de balde e poden realizarse nos números 646 204 723, 616 054 190 e no 636 060 724. Para optar ao premio será obrigatorio presentar a ficha técnica. Haberá distinción para o coche e a moto máis antigos.

Portomarín programa actividades de memoria, ximnasia e mantemento

O Concello de Portomarín pon en marcha actividades de verán orientadas á estimulación cognitiva e actividades deportivas para a prevención da fragilidade e mellora da saúde. As de memoria e ximnasia e mantemento levaranse a cabo en diferentes locais sociais do concello (Bagude, Recelle e o Cruceiro), mentres que en Portomarín levaranse a cabo no Pazo Xeral Paredes. A actividade de *aquagym* será na

piscina municipal. Son propostas dirixidas a persoas maiores de 55 anos e tendo preferencia os empadroados na vila. Desenvolveranse dende o 5 de agosto ata o 10 de setembro. Son de balde pero contan con prazas limitadas. As inscricións poden facerse nos Servizos Sociais ata o 26 de Xullo. Os interesados poden pedir máis información chamando ao 982 545 070.

O PSOE denuncia o peche da piscina municipal

Os socialistas denuncian o peche da piscina municipal por parte do Concello que é consecuencia directa da “inacción do Goberno local e a súa incapacidade para garantir o adecuado mantemento das instalacións públicas”. Dende o PSdeG detallan que dende “varios veciños e veciñas achegáronse a nós para manifestar as súas queixas sobre o estado lamentable no que se atopaba a piscina. As augas estaban sucias e as condicións das instalacións eran inaceptables para o seu uso público”.

“En vez de asumir a súa responsa-

bilidade e proceder coa limpeza e mantemento necesarios, o Concello optou pola solución máis fácil e menos beneficiosa para a comunidade: pechar a piscina”, indican. Ademais, indican os socialistas, “é especialmente grave que esta decisión se tome nunha semana que está sendo a máis calorosa do que vai de verán. As familias e os veciños e veciñas de Portomarín ven agora impedidos de desfrutar das instalacións da piscina, que son fundamentais para combater as altas temperaturas e proporcionar un espazo de lecer e descanso”.

Continúa o programa de compostaxe doméstica

Continúa o programa de compostaxe doméstica. Os veciños de Castroverde que dispoñan dun pequeno terreo, poden aproveitar estes residuos para facer un compost de excelente calidade. Para isto, dende o Concello poñen á disposición da veciñanza composteiros e aireadores de uso doméstico. Para reservalos é preciso inscribirse na web.

Para máis información pódese chamar ao 647 521 464 ou ben enviar un correo a residuos@concello-decastroverde.gal. Este domingo, ademais, terá lugar na feira a partir das 12.00 horas unha nova sesión informativa sobre compostaxe para a veciñanza. Ao finalizar a formación, procederase á entrega do material de xeito totalmente gratuíto.

DEPORTES

Tres ouros, dúas pratas e un bronce nos XV Xogos do Eixo Atlántico

A representación lucense nos XV Xogos do Eixo Atlántico acadou un total de seis medallas, tres delas de ouro, dúas de prata e unha de bronce, sendo a delegación con máis podios conseguidos en deportes de equipo nesta competición, celebrada en Vila Nova de Famalião e Braga ao longo da pasada semana.

Nesta XV edición dos Xogos do Eixo Atlántico participaron 2.400 persoas de 27 delegacións, 18 portuguesas e 9 galegas. Os mozos e mozas competiron nas modalidades deportivas de balonmán feminino e masculino, fútbol 7 masculino e feminino, voleibol feminino, baloncesto masculino e feminino, natación e natación adaptada, atletismo e atletismo adaptado. Lugo foi a delegación galega que máis participantes reuniu e a quinta de todo o Eixo Atlántico.

Uns 100 boxeadores estarán no Open Cidade de Lugo

O mellor do boxeo galego citarase na segunda edición do Open Cidade de Lugo. O torneo celebrarase o 21 e o 22 de setembro na cidade da man do Boxing Club Cidade de Lugo, que tamén é o primeiro club confirmado, e do Lucus padel, as dúas entidades organizadoras. Polo momento, están confirmados unha centena de deportistas de distintos clubs da xeografía española.

Entre eles participarán o club Boxeo Corvera, o club Turbo, o Club Santando Charcos de Burgos, a Escuela de Boxeo Arkham de Cangas, Kick Narón, Boxing Sada, o Real Grupo de Cultura Covadonga, EK Boxing Team de Sada, Asturbox, Club de Boxeo David Burgos de Pontevedra, La Vieja Escuela de Vigo, Brabox 76 da Coruña, Riga Gym de Fuerteventura, Toa Gym de Avilés, Escuela de Boxeo Cachorro e Team Thunder de Marín. A primeira convocatoria tivo lugar o sábado 16 de decembro no ximnasio de boxeo do Polideportivo O Palomar e participaron 13 clubs de toda Galicia. Concretamente, un total de 50 deportistas disputaron 26 combates no evento a porta pechada organizado polo Boxing Club Cidade de Lugo e a Federación Galega de Boxeo coa colaboración da Concellería de Deportes do Concello de Lugo. Déronse cita as categorías *schoolboys* e *schoolgirls*, categorías infantil (11-12 anos) e cadete (13-14 anos), júnior (15-16 anos) e xove (17-18 anos).



O capitán Sergi Quintela abandona o Breogán

Un dos capitáns e emblemas do Breogán, Sergi Quintela, comunicou a súa decisión de resolver o contrato en vigor co club, executando así a cláusula de saída contida no mesmo.

“É un día triste para o breoganismo”, aseguran dende a entidade. Aínda así, “e facendo todo o posible para seguir contando con Sergi durante moitos máis anos, temos que acatar as decisións persoais

do xogador”.

Como non podía ser doutra maneira, “debemos manifestar o noso máximo agradecemento por todo o que fixo pola nosa entidade, desexándolle todo o mellor nos seus novos retos profesionais e, ao mesmo tempo, soñar co día en que podamos volver contar con el no Club”. Dende o Breogán recórdanlle que o club seguirá sendo a súa casa.



Diego Gómez faise co Volante Deputación

Diego Gómez Miguélez foi o vencedor do premio Volante Deputación no circuito da Pastoriza. O mozo, de 28 anos e de Antas de Ulla, que se clasifican por primeira vez para unha final do Volante, foi o máis rápido na final, polo que recibe como premio a participación como piloto titular no Rally San Froilán 2024, a bordo dun Dacia Sandero, dentro da estrutura da escudería PTC. Unha oportunidade para iniciarse na competición de forma totalmente gratuíta e nunha das probas de maior prestixio do calendario galego de asfalto.

Pablo López Blanco, Adrián Fernández Fernández e Jesús Manuel Neira Lira completaron o cadro da final, que puxo fin a dúas xornadas de intensa actividade no circuito municipal pastoricense, o único circuito

oficial destas características na provincia de Lugo

Os catro mellores tempos estiveron polo tanto encabezados por Diego Gómez Miguélez, co 2.00.897, seguido de Pablo López Blanco (2.01.993), Adrián Fernández Fernández (2.04.534) e Jesús Manuel Neira Lira (3.00.000).

Preto de 160 pilotos participaron na proba organizada por PTC Escuela, que combina formación en conducción deportiva e competición. Todos os participantes recibiron un curso de formación técnica e conducción segura, para igualar e equilibrar os coñecementos.

Diego Gómez Miguélez recibirá formación específica para participar no rally San Froilán como piloto da escudería PTC.

Guillermo Martínez renova á fronte do Lugo Sala en Segunda División

O técnico murciano do Lugo Sala, Guillermo Martínez Orihuela, seguirá á fronte do primeiro equipo para as próximas dúas campañas. Ese é o acordo que se pechou entre club e preparador para seguir co camiño que se iniciou no pasado verán cando Martínez chegou ao club para facerse cargo do equipo, alcanzando o obxectivo exposto que non era outro que o ascenso á 2ª RFEF do fútbol sala español.

O club xa viña traballando nos últimos meses no futuro do equipo asegurando a continuidade de varios dos seus xogadores, tanto se o proxecto estaba en 2ª B como en 2ª, e agora era o momento de pechar tamén a continuidade do novo técnico de 34 anos. Ademais, Martínez encaixou perfectamente na filosofía de traballo tanto do club como no da canteira, quen valorou sempre positivamente como está a entidade organizada e axudando ao seu continuo crecemento, algo moi importante para a dirección do club, e neste sentido estará a traballar dentro do

grupo de coordinación do club.

Deste xeito, o cadro de xogadores da próxima tempada en Segunda división vai collendo forma e ás renovacións xa anunciadas súmase tamén a do capitán, Miguel Muñoz Martín-Calvo, cumprirá ou seu soño de xogar co equipo da que xa é a súa segunda casa na 2ª RFEF do fútbol sala español. Miguel Muñoz, que cumpría o mes de marzo 43 anos, sente identificado co proxecto e de aí o acordo entre club e xogador para prolongar a súa continuidade.

Tamén renova José Antonio Capón Lamas 'Porto'. O de Portomarín segue sendo unha peza importante no equipo como demostrou na eliminatoria de ascenso recentemente finalizado e club e xogador chegaron rápido a un acordo unha vez consumado ese ascenso á nova categoría. Polo momento tamén renovaron Yago Tenreiro, Yerai, Luis Longo, Álvaro, Saúl, Brunito, Iago Rodríguez, Diego Núñez, mentres que Héctor Lana e Antonio Diz non seguirán a vindeira tempada.



Maite Roupeiro, prata nos Europeos de Billar

María Teresa Roupeiro, xogadora do Club de Billar Adai situado no Corgo, regresa a casa cunha medalla de prata nas súas mans tras disputar os Campionatos Europeos de Billar 2024 de Eslovenia.

A cita anual de billar máis importante do continente está organizada pola Federación Europea de Billar: os Dynamic Billard European Pool Championships M-W-U23 & WHC Athletes. Durante 10 días en Podčetrtek (Eslovenia) homes, mulleres, menores de 23 anos e atletas en cadeira de rodas reuníronse para competir nas distintas

modalidades oficiais de billar: 14.1, bóla-10, bóla-8, bóla-9 e seleccións de equipos.

A atleta local Maite Roupeiro alcanzou a medalla de prata na modalidade de bóla-10, caendo só ante a alemá Pia Filler que foi tricampiona nestas probas. Ademais do seu subcampeonato, Maite quedou dúas veces ás portas do ansiado podio tras alcanzar un quinto posto nas modalidades de 14.1 e bóla-8. O seu gran logro valeulle para recibir unha invitación aos 12ª World Games 2025 en agosto de 2025 en Chengdu (República de China).

“Fixemos 215 quilómetros de Lugo aos Ancares en 10 horas”

Jacobo Goás impulsou a iniciativa para visibilizar as enfermidades priónicas

Lucía Blanco

Pedalear de Lugo aos Ancares a favor da investigación das enfermidades priónicas. Ese foi o reto que se marcou este ano Jacobo Goás, impulsor da iniciativa Desafío Os Ancares tras perder ao seu irmán a causa do insomnio familiar fatal. “Fixemos 215 quilómetros e a verdade é que xa só pola quilometraxe e o desnivel que tiña foi moi duro”. Pero nin a distancia nin as inclemencias metereolóxicas lograron baixalos da bicicleta. “O día non acompañou moito. Desde que entramos na zona dos Ancares púxose a chover, a facer frío e había néboa ata que baixamos a Becerreá. Sobre todo ata que co-roamos en Porto Ancares, a 1.700 metros, cambiou o tempo para mal”, lembra.

Xunto con el, Pablo e Jorge afrontaron o percorrido completo en 10 horas e 28 minutos, saíndo dende Lugo e pasando por Becerreá, Navia de Suarna, Pan do Zarco, Porto Ancares, Piornedo, Cervantes e Becerreá. A dureza non fixo que este grupo de amigos deixase de pedalar o pasado 8 e xuño. “Ademais de que Os Ancares que é alta montaña, o percorrido en si era duro e se lle sumamos o mal tempo pois aínda peor”. O propósito estaba máis que claro: recadar fondos e dar a coñecer patoloxías como a Creutzfeldt-Jakob, a encefalopatía bovina esponxiforme ou o insom-

nio letal, todas elas mortais.

Ao longo da xornada tampouco lles faltou o apoio. “Houbo xente que estaba na saída e que nos acompañou ata Nadela. Levabamos 2 furgonetas e outros compañeiros fixeron 123 quilómetros e subiron na furgoneta, outro deles fixo 80 quilómetros e volveu baixar. E despois tivemos dous compañeiros que nos viñeron a buscar pouco despois a Becerreá para facer os últimos 60”. Tamén contaron con patrocinadores e co apoio da Xunta de Galicia. “Tanto este ano coma o anterior e díxéronnos que ían seguir apoiándonos. É imprescindible porque ao final as administracións públicas poden chegar a dar un apoio que a título persoal ou privado non podes”, di.

Este grupo de amigos, afeccionados ao ciclismo, leva tempo adestrando en bicicleta e participando en carreiras, aínda que rutas como esta esixen unha preparación previa. “Tes que adestrar especificamente para o obxectivo e poder afrontar así toda a quilometraxe e o desnivel, á marxe do que fas normalmente”. Unha preparación que tamén precisaron para superar con éxito o reto que se propuxeron no 2023: ir desde Irún ata o Obradoiro en catro días. “Pablo e eu fixemos 800 quilómetros en 4 etapas, menos a última etapa que nos acompañou Raúl”.

Todos estes retos pénsaos Goás

que pretende continuar con eles para seguir concienciando. “Ocorríame a min de repente e despois coméntollo aos compañeiros e todos se animan, aínda que esta vez díxéronme que para o próximo ano que baixe un pouco a dureza”, conta entre risas. Con eles pretende seguir axudando na loita contra estas enfermidades pouco comúns que lle tocou vivir de preto. “Meu irmán morreu a raíz do insomnio letal e púxenme en contacto co Fundación de Enfermidades Priónicas e co seu apoio empecei os retos”.

Trátase dunha doenza dexenerativa, polo momento sen tratamento, que impide durmir e que provoca o falecemento do paciente nuns meses. “Eu tampouco a coñecía, é unha enfermidade rara á que pouco a pouco se lle está dando máis visibilidade porque ademais coincide que España é o sitio onde máis casos hai”. O diagnóstico, recorda, foi devastador. “Sénteste impotente. É unha enfermidade que a partir de que os médicos a descubren nada poden facer ao respecto ao non haber ningún tipo de cura nin de medicamento que a alivie. Ao final o que che queda é convivir coa persoa ata que falece”.

Jacobo destaca o gran labor que desempeña a fundación, única en España. “Fan un traballo increíble que é darlle o apoio a persoa e á familia tanto a través de psicólogos



como tamén che axudan co tema dos papeis porque ás veces andas perdido”. Co bo sabor de boca que deixou o último desafío, Goás prepara novos retos mentres mantén claro o seu obxectivo: seguir buscando apoio para a investigación

destas patoloxías. “Trátase de que ao final os gobernos se involucren máis. Sei que é difícil e me imaxino que con todas as enfermidades raras pasa pero é moi importante buscar o apoio sobre todo para a investigación”.

Dúas medallas para o PortaMiñá nos campionatos de España

Disputouse en Ciudad Real o Campionato de España alevín de natación no que competiu o PortaMiñá. Adrián Fernández conseguiu a medalla de prata en 200 metros estilos, ademais de disputar numerosas finais e colocarse entre os mellores nadadores nacionais da súa idade. Alba Lema, Laura Abuín, Antía Prieto e Patricia Fernández metéronse entre as dez mellores nacionais.

En Ourense, os nadadores do club proclamáronse campións galegos absolutos masculinos, júnior masculinos, júnior femininas e júnior clasificación conxunta. Ademais, suman 5 ouro individuais, 4 ouro en substitucións, 3 pratas individuais, 8 pratas en substitucións, 2 bronce individuais e 8 bronce en substitucións. No Campionato de España de Nata-



ción Infantil de Sabadell (Barcelona) participou con catro nadadoras Celia López, Laura Santas, Aroa Illán, Aitana López e o nadador Iago Fernández. Destacou Celia López que conseguiu a medalla de bronce en 100 costas pelexando ata o último metro pola medalla de ouro realizando a mellor marca galega desa proba en dúas ocasións.

O Fluvial de Lugo gaña a segunda regata da Copa Deputación

O Club Fluvial de Lugo logrou o primeiro posto na segunda regata da Copa Deputación de Piragüismo, organizada polo Club de Piragüismo Altruán de Ribadeo co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. O club anfitrión, segundo, e o Cidade de Lugo, terceiro, completaron o podio por equipos da proba, que se celebrou na ría de Ribadeo, coa participación de 175 palistas de diferentes categorías desde prebenxamín ata xuvenil dos seis clubs de augas tranquilas da provincia -Club Kayak de Foz, do CP Urban Hotel Viveiro, CP Altruán de Ribadeo, CP San Ciprián, Club Fluvial de Lugo e Cidade de Lugo-.

A de Ribadeo foi a segunda regata

da Copa Deputación de Piragüismo, que comezou o pasado mes de maio en Portomarín. A competición, impulsada pola área de Deportes da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo, ofrece aos clubs de augas tranquilas da provincia a posibilidade de participar en competicións federadas nas súas comarcas, contribuíndo así á consolidación de equipos de base. Cada regata é organizada por un club, facilitando así que a actividade deportiva pero tamén económica e social que xeran as probas, se distribúa por toda a provincia, especialmente, na comarca da Mariña, onde se concentran catro das probas.

Publicada a resolución de premios para deportistas individuais

O Boletín Oficial da Provincial publicou a resolución provisional dos premios a deportistas individuais da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, cun investimento total de 100.000 euros.

230 deportistas figuran na resolución provisional das bolsas, que oscilan entre os 300 e os 2.500 euros e que teñen como obxectivo apoiar a mellora e perfeccionamento de deportistas de modalidades individuais, ata os 35 anos.

Na avaliación das solicitudes, valóranse os resultados deportivos acadados en probas e campionatos nas respectivas categorías -desde campionatos mundiais e europeos ata galegos e provinciais - ao longo de 2023, de acordo cos baremos establecidos nas bases.

A resolución está publicada no BOP do sábado 22 de xullo.

“Queremos unha canteira con identidade colectiva e sentimento de pertenza”

David Páez, novo director da canteira do Club Deportivo Lugo na tempada 2024-2025

De onde vén o seu amor polo fútbol?

Vén desde moi novo, xa que empecei a xogar na SD Sarriana no fútbol base e a crear equipos cando tiña 16 anos ao ir a torneos cos meus amigos. Como os meus pais tiñan unha empresa, pedíalles patrocinio e iamnos competindo por diferentes torneos durante os veráns. Cando marchei a Santiago a estudar á Universidade, con 18 anos, saquei o carné de adestrador nivel 1, aos 19 o carné nivel 2 e aos 20 o nivel 3, sendo o adestrador máis novo de España a nivel de adestrador nacional.

Podería resumir a súa traxectoria ligada ao fútbol?

Empecei con 20 anos levando os cadetes da Sarriana e, con eles, conseguimos gañar a Copa Deputación. Ao ano seguinte, estiven cos xuvenís da Sarriana, cos que conseguimos proclamarnos Campións de Liga e ascendemos a Liga Galega Xuvenil. Ao ano seguinte marchei ao Rácing Vilalbés, onde conseguimos o 3º posto cos cadetes na Liga Galega, e, ao seguinte ano, adestrei aos xuvenís da Liga Galega e o terceiro ano no club estiven cos do equipo afeccionado, cos que ascendemos a Rexional Preferente. Despois do Vilalbés, marchei ao Calasancio de Monforte, onde fun 3 anos director deportivo liderando a 13 equipos desde a categoría prebenxamín ata os de Liga Nacional. Despois, estiven no Club Deportivo da Coruña, levando os cadetes de División de Honor, e tamén os xuvenís

División de Honor. Logo, marchei a Écija, en Andalucía, e despois marchei á China cun proxecto vinculado á liga de fútbol profesional. De volta, ofrecéronme ser adestrador na Selección Galega e alí estiven durante 5 tempadas, ata que firmei agora no Club Deportivo Lugo. Deses etapas, cabe destacar que estiven na sub-14, onde quedamos entre os catro mellores; e na sub-16, coa que conseguimos o Campionato de España. Este ano, rematamos como Campións na Fase Prata. Ademais, á vez que estaba na Federación, adestrei en 3ª división ao Viveiro, ao Alondras e ao Estradense.

Como afronta agora o cargo de director da canteira do Club Deportivo Lugo?

Sendo de Lugo, con moita ilusión, porque en Lugo hai moi bos xogadores e adestradores, polo que queremos sacar o máximo potencial dos xogadores da provincia de Lugo, que ten moita materia prima, é dicir, xogadores cun gran potencial. Polo tanto, asumo esta responsabilidade con responsabilidade e gañas.

Podería explicar en que consiste o posto de director de canteira?

Consiste en planificar a estrutura a nivel de fútbol base desde o filial ata os equipos máis pequenos, que en total son nove: o Filial, o xuvenil A e o B, o cadete A e o B, o Infantil A e o B, o Alevín A e o B. Hai que xestionar todo o que ten que ver co contexto deses equipos, os adestradores, as altas e as baixas e representar ao Club da



mellor forma posible; así como ter controlados a todos os xogadores da contorna de Lugo e da provincia e ter, dentro de Galicia, unha das mellores das canteiras.

Tendo en conta a súa experiencia na federación, aproveitará para recomendar as fichaxes?

Os meus cinco anos na Federación Galega permiten ter un coñecemento do panorama galego con respecto aos xogadores pero xa se irá vendo que se pode levar a cabo de incorporacións. Queremos priorizar o produto de Lugo e o galego, intentando galeguizar a canteira do Lugo, e se pode ser da contorna moito mellor.

Na súa presentación dixo que quere recuperar as categorías perdidas, en cales poría o foco?

Obviamente, o xuvenil A e o B, xa que este ano se perdeu a categoría de Honor, descenderon, pero a categoría de Honor Xuvenil non se pode perder; entón intentaremos recuperala.

Por que é necesario apostar polo fútbol base?

Tal como está a día de hoxe o fútbol, é moi impotente priorizar as estruturas de fútbol base do club, porque dá rendementos máis próximos ao coñecer o contexto do club e son xogadores que pertencen ao club e con moito cariño fóronse coidando, polo que queremos que cheguen ao primeiro equipo. Ter xogadores da zona é un privilexio.

Que significa que os adestradores estean a xornada completa para profesionalizar o club?

Nós cremos que aos adestradores, para que teñan un rendemento óptimo, hai que darlles condicións laborais estables, polo que os adestradores deben estar vinculados a xornada completa para que se sintan valorados e pertencen unicamente á estrutura profesional do club. Así, desde todas as categorías ten que haber esa profesionalización dos corpos técnicos.

Cales son as súas expectativas de cara a esta tempada?

Nós intentaremos competir ao máximo en todas as categorías mentres que formamos xogadores para que cheguen o mellor posible ao primeiro equipo. Por iso, apostamos por compatibilizar o feito de competir para manter as categorías e conseguilas co feito de formar, xa que o filial está no organigrama e queremos que compita da mellor maneira posible co obxectivo de manter a categoría e que os xogadores pasen ao primeiro equipo. Son etapas de formación e rendemento, xa que é importante esa formación previa de xogadores para chegar a fútbol profesional. Por outra parte, queremos devolver o Xuvenil a División de Honor. Queremos ter esa sinerxia entre todos os equipos para conseguir obxectivos deportivos e persoais, co fin de crear deportistas.

Estar no Lugo era un soño que se cumpriu?

Ao ser unha persoa de aquí, loxicamente sempre che gusta traballar na túa terra. Ademais, eu sempre fun do CD Lugo e para min é un privilexio traballar no club o cal sentes as cores. Estiven moitos anos fóra, e iso faite valorar moito máis o estar na casa, así que sen dúbida é un soño cumprido formar parte deste gran club.

Sarriao de nacemento, leva Sarria alí onde vai

Si, eu sempre digo que ser do pobo do que é un, non se pode ocultar. Eu son de Sarria e estou moi contento, e sempre intentei poñer a Sarria no panorama futbolístico galego e español, polo que para min é un orgullo. Porque empecei na Sarriana, onde fun xogador do fútbol base e logo empecei a adestrar equipos desde moi novo porque tiña claro que quería ser adestrador, pero todo comezou na Sarriana, o punto de partida foi aí...

De renovacións e fichaxes

O Lugo está a desvelar o seu cadro de xogadores. Guille Perero e Nathaniel Nicholas protagonizaron a primeira presentación do verán. “Son dous xogadores cunha gran marxe de mellora de crecemento e cun gran talento por desenvolver. Creo que é algo no que o club vai crer moito esta tempada”, aseguraba o director deportivo, Roberto Sáez

Outro dos que se incorpora ao equipo é Raúl Hernández, que chega á cidade amurallada tras completar a tempada 23/24 nas filas do CF Fuenlabrada. Desempéñase como extremo por ambas as bandas e “está na súa madurez futbolística, e acumula unha ampla experiencia en Primeira RFEF”, aseguraba Sáez. A Lugo tamén chega Jon Ceberio, un xogador



“con bo trato de balón e unha gran envergadura”.

O mediocentro formou parte do CF Intercity, criouse no Antiguoko KE e acumula varias etapas nas canteiras do Bolton e da Real Sociedad. A entidade tamén chegou a un acordo con Erik Ruiz para súa incorporación como novo xogador albivermello. Ruiz desempéñase como central zurdo e consolidouse como un dos defensores máis fiables da catego-

ría. Outra das novas incorporacións é Jon Cabo, extremo por ambas as bandas, que completou o seu proceso formativo na canteira do Athletic. A última tempada disputouna nas filas do Sestao River, onde foi unha peza importante. Xunto a el únense o porteiro Marcos Lavín e o defensa Juan Rodríguez, procedentes do Alxeciras e o lateral esquerdo Ander Zoilo da canteira da Real Sociedad. Marcos Sánchez, Pablo Cacharrón e Dani Vidal completan as presentacións. Pola contra, o club cede a Alberto Vaquero, que xogará no Real Zaragoza; Yayo González, que se incorpora ao Real Oviedo; a Andrés Castrín para o Sevilla; a Gonçalo Tabuaço para o CS Marítimo e finaliza o contrato con Fran Mérida.

O equipo lugués competirá en agosto na Copa Federación

A Fase Autonómica da Copa Federación abrirá o calendario competitivo desta tempada 24-25. Participan 14 equipos que militan na Primeira, Segunda e Terceira Federación. Quedan exentos os que xa están clasificados para a Copa do Rei e tamén os clasificados para a Fase Nacional da Copa Federación. O campión da Fase Autonómica clasificarase para a Fase Nacional que dá catro prazas na Copa do Rei. Cabe recordar que o vixente campión é o Ourense CF, que a tem-


pada pasada impúxose ao Rácing Vilalbés na quenda de penaltis na final disputado no campo da Medela de Taboada.

A primeira sesión terá lugar o 4 de agosto e pola provincia de Lugo participarán o Viveiro e o Vilalbés, que se enfrontará entre eles, e a Sarriana, que xogará co Betanzos. Na fase de cuartos, prevista para o día 7 de agosto, incorporárase o Lugo á competición, que vivirá o día 15 as semifinais, para coñecer o campión na final do 18 de agosto.

COLABORACIÓN

Unha educación sen esforzo

O PUPITRE



Julio Díaz

Fai un tempo lía a noticia dun profesor de Xixón que tiña o costume de pór sempre un 10 a todos os seus alumnos. Decía que “lles dá confianza”, que “se pode aprender sen angustia”, que “o estrés non incentiva o progreso do alumno” e que “a nota é un freo para a aprendizaxe”.

Por suposto, non utilizaba libros de texto, traballaba por proxectos colleita da súa casa e avaliaba, ollo o dato, “de forma holística”. A Consejería de Educación do Principado de Asturias, supoño que non moi dada a este tipo de romanticismo, empapelou a este

docente basicamente por saltarse á toreira o dereito dos alumnos a unha avaliación xusta, rigorosa e obxectiva.

Vén a conto isto de que ultimamente recordo con certa nostalgia, pequenos esforzos que faciamos antes e que hoxe non se estilan. Quizais a suma destes esforzos foron capaces de configurar, en certo modo, a miña personalidade loitadora, e a capacidade para afrontar retos e superar obstáculos. Teño que agradecer aos meus pais, e con máis intensidade a miña nai, que se esforzaran en darme unha educación para loitar na vida, unha educación de propoñerme metas e intentar conseguilas.

Os nenos e nenas de hoxe viven nun caldo de cultivo cheo de carencias de esforzo, que levan a unha personalidade máis débil e pouco entusiasta,

persoas con moi pouco compromiso e paciencia, persoas ás que lles preocupa máis o resultado que o proceso de acadalo. As familias poden estar caendo no erro de pensar que o feito de darlles todo feito as súas fillas/os é facilitarles o crecemento e o desenrolo persoal. Os nenos/as precisan traballar, esforzarse por conseguir metas, necesitan ter tempos de espera na consecución dos seus desexos, necesitan planificarse no espazo e no tempo e, en todo iso, as familias e os docentes temos un grande protagonismo.

Esixir esforzo nas aulas non é, como pretenden os detractores do traballo, xerar ansiedade e frustración nos nosos alumnos, senón fomentar o seu crecemento como persoas, a súa responsabilidade individual e a súa capacidade de resposta ante a rea-

lidade social e laboral na que terán que moverse na súa vida adulta.

Que logramos ao regalar un título a un alumno que non supera as materias? Enganalo sobre o seu nivel de preparación e con iso pecharlle as portas do futuro, á vez que transmitimos ao resto dos seus compañeiros a mensaxe de que dá o mesmo traballar día a día que baixar os brazos. Esta situación debería facernos reflexionar. Que nun mundo globalizado e competitivo se considera detestable e anticuado actitudes como o esforzo, o afán de superación, a loita por alcanzar metas que custan, o aprender a recomenzar despois dun fracaso. Prémíase a mediocridade e rexéitase a busca da excelencia, moitos dirán que soa rancio, é a crúa realidade. Pretendemos sacar todas as dificultades aos nosos rapaces/

as, que non teñan obstáculos, que non sufran, que fagan sempre o que queiran e que nunca abandonen a súa zona de confort e comodidade.

Criamos rapaces de cristal que non poden nin saben como enfrontarse aos problemas que atopan no seu día a día. As continuas facilidades, e a pouca esixencia na escola e fóra dela fan que moitos deles cheguen a Universidade, aos seus primeiros traballos, sen as competencias máis elementais para enfrontarse con garantías á vida adulta.

É urxente educar con intelixencia emocional, ensinalles a ser resilientes, a enfrontarse e resolver os conflitos, a asumir responsabilidades, a recoñecer o traballo duro e a forza de vontade en levalo adiante. Falarlles de soños e metas, pero tamén do traballo necesario para acadalas.

A habitante cen mil

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Recientemente asistimos a unha nova que se deu a coñecer a través dos diversos medios de comunicación, a chegada ata os cen mil habitantes no concello de Lugo. Levaban as autoridades locais ansiando alcanzar esa cifra no seu correspondente padrón municipal desde hai varios anos, xa que dito feito suporá subir algún chanzo. En primeiro lugar, o número de concelleiros, que pasarán a ser dous máis. En segundo termo, o máis importante, é que as subvencións a recibir doutras administracións deberán ser maiores tras este aumento de poboación, de aí a importancia de acadar este obxectivo.

E a persoa a quen lle corresponde a honra de ser a habitante cen mil é alguén chegada de lonxe, concretamente de Cuba, unha muller de nome Janisel. E aí está a clave, nunha

realidade social que está a modificar a paisaxe humana, non só das urbes, senón tamén de vilas e aldeas galegas, onde tamén se visualiza o fenómeno da chegada de xentes doutras latitudes onde as condicións de vida son polo xeral duras e as expectativas no futuro, máis ben escasas. Esas son as principais motivacións que levan ás persoas deixar o seu terriño e embarcarse cara outros destinos. Anda que non sabemos os galegos o que significa tomar esa decisión...!. Sobre a evolución da poboación na Galicia interior, moito se ten falado e escrito. Non precisamos acudir ós datos do Instituto Nacional de Estadística (INE) para dármolos conta de como cambiou o panorama dunhas décadas para acá. Todos temos memoria e lembramos, os que formamos parte da denominada xeración “Baby boom” –os que temos entre 57 e 47 anos–, aqueles autobuses ategados de pequenos e mozos cara a escola ou o instituto. Colexios que se atopaban nas respectivas capitais

municipais tras absorber as antigas escolas unitarias espalladas polas distintas parroquias, onde os seus patios se poñían ategados de nenos na hora do recreo, ou ata incluso había que organizar dúas quendas no comedor porque non cabían todos xuntos. Pero iso foi historia; ano tras ano asistimos a unha mingua continuada de veciños, o que conleva un progresivo avellentamento das nosas comunidades. Obsérvase algún brote verde e nalgún concello é certo que se produciu un aumento da natalidade, pero resulta insuficiente para paliar o desastre demográfico que estamos a vivir. E ben nos cadra deses inmigrantes que os estamos a ver traballando en explotacións gandeiras ou no sector da madeira, ademais doutros campos como a hostalaría e os servizos de atención domiciliaria. A eles e a elas, e por suposto ás súas familias, nenos, nenas e adolescentes que chegan con outra cor na pel, diferenciándoos tamén na lingua, cultura, hábitos e costumes,

O RECUNCHO DE CANELINA



debémolles que os nosos padróns municipais non baixen aínda máis. En Lugo, unha cubana foi a habitante cen mil. A capital da provincia posiblemente siga sumando, mentres os

concellos do interior, agás as cabeceiras de comarca e algunha excepción máis, seguirán perdendo xente por moito que se pretenda disimular. É o que hai, lamentablemente.

DE RUTA EN RUTA

Friol: De Miraz a Sobrado dos Monxes

Esta ruta forma parte do trazado do Camiño de Santiago, concretamente é a segunda etapa, que une o Primitivo co Norte

Unha das alternativas do Camiño da Costa é a ruta de Friol a Sobrado dos Monxes, duns 25,5 quilómetros de distancia de sen caracterizada como fácil xa que é máis ou menos chá sen grandes altibaxos polo que se fai cómoda de percorrer. É a segunda etapa do itinerario que une o Camiño Primitivo co Camiño Norte. Estiman que o percorrido pode durar unhas catro horas. Trátase dun percorrido moi popular para *mochilear*, o sendeirismo e MTB.

Trátase dun percorrido que transcurre todo por carreiros, camiños e algún que outro tramo de pista. Escasamente ten dous quilómetros de asfalto. Todo iso nunha contorna totalmente natural rodeados de piñeirais e pradería.

Esta variante é unha moi boa alternativa para fuxir das aglomeracións dos Camiños oficiais, e non desmerece, en absoluto, de beleza en canto á súa contorna. Ademais contén dúas xoias do patrimonio, a Fortaleza de San Paio de Narla, en Friol, e o Mosteiro de Sobrado dos Monxes, como punto final da ruta.

A ruta arranca na localidade de Miraz, que é onde está uno dos alber-



gues oficiais do Camiño. Sen dúbida, a primeira visita obrigada é a poderosa fortaleza de San Paio de Narla, que hoxe alberga a sección de etnografía do Museo Provincial de Lugo. Trátase dunha fortaleza de orixe descoñecida reconstruída no século XVI. Ten un corpo central flanqueado pola torre da Homenaxe e por un gran torreón.

En 1939 é adquirida pola Deputación Provincial de Lugo que, en 1983, convérteala en Museo histórico e etnográfico, trasladando a ela boa parte das coleccións etnográficas do Museo de Lugo.

Nas seccións de Etnografía contén, apeiros de labranza, utensilios para a preparación da la e o liño, cerámica popular e industrial, obxectos relacionados coa equitación e moito máis, e na Armería, armas brancas e de lume de diferentes épocas.

A planta baixa está formada polo patio, as cortes e a adega, acolle unha colección de útiles de traballos agrícolas, diversos obxectos de equitación e ferramentas para o tecido da la e o liño.



A planta primeira componse dunha cociña, un salón e outras estancias nas que podemos ver obxectos artísticos, mobiliario e enxoval doméstico. Na última planta, destaca unha cheminea renacentista, e desde alí pódese acceder ao almenado e contemplar a contorna da fortaleza. A capela, do século XVIII, separada do edificio principal, ten planta cadrada con tellado a catro augas, contén no seu interior un retablo do século XIX.

En Miraz pode visitarse tamén a Torre de Santiago de Miraz, do século XV. Rematada a visita, pártese dunha pista que pasa por Outeiro, As Laxes e onde se toma unha senda á esquerda que atravesa toxeias e bosquetes de pino.

O camiño continúa por A Braña, Portolamas, A Devesa e As Fontes, en San Mamede de Nodar, para facer unha pequena parada na Roxica. O percorrido continúa por pequenas aldeas como Mantelle, A Cabana,

Ledro, A Travesa de Ledro e Pedramaior. No Marco das Pías abandonamos a provincia de Lugo para entrar na da Coruña, xa que é onde empeza o tempo municipal de Sobrado. O nome de Marco é debido porque ata este pobo estaba o marco/marca/límite/fronteira xurisdiccional do mosteiro cisterciense de Sobrado dos Monxes.

O camiño pasa polos lugares de Vila-riño, O Mesón, A Esgueva, Muradelo, Nogueira e finalmente a Guitizá, onde se atopa a lagoa artificial de Sobrado, que foi declarada espazo húmido de interese europeo, ademais de ter innumerables bosques poboados especies autóctonas.

Continuamos camiño desde Guitizá e chegamos ao mosteiro cisterciense de Santa María de Sobrado. Espectacular monumento de estilos renacentista e barroco con estancias medievais como a cociña, a sala capitular e a capela de San Xoán. Fundado en 952 como mosteiro dúplice ou mixto, é dicir, para mulleres e homes, foi un dos grandes centros de poder de Galicia.

DATOS



4 horas



25 quilómetros



Dificultade baixa

VEO VEO

2x1

Monofocales · Progresivas · Sol

Para que veas veas

OPTICALIA CALLAO

LUGO | FERROL | LAS PONTES | NAPON | ORTIGUEIRA

Sempre se cobrará a taxa de maior importe. 1ª Gafas graduadas de vista, lentes monofocales o progresivas, elegir cualquier montura de marca disponible en el establecimiento. 2ª Gafas sin graduación o lentes de contacto. Marcas: Trend, PuraBee, con la misma graduación y tratamiento que la 1ª gafa. También en el graduación marcas Trend y PuraBee. Los productos sanitarios objeto de esta promoción son contactos, lentes de contacto y gafas.